



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 01 de SETEMBRO de 2023 (1523/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día un de setembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(707).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 4 e 11 de agosto e extraordinaria e urxente do 11 de agosto de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(708).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN MÁXIMO DE EVENTOS INSTITUCIONAIS ORGANIZADOS POLA ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18386/101**

Visto o informe xurídico do 22/08/2023 e o informe de fiscalización do 28/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 18/08/2023, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e polo segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos (RA 11/08/2023), que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de agosto de 2021, adoptou o acordo de adxudicación da contratación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 a favor de "SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) por un importe total do contrato de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros.

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 15 de setembro de 2022. Na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o 16/09/2021 e estando contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

O apartado 4.C das FEC prevé que este contrato poderá ser obxecto de prórroga que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o aviso previo á empresa adxudicataria SACAFERRO S.L. se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de setembro de 2022, acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 formalizado coa entidade mercantil SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) polo período comprendido entre o día 16 de setembro do 2022 ao 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

**Cuarto.-** Con data 17 de agosto, notificouse a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o día 15 de setembro 2023, e solicitouse conformidade para a prórroga do contrato do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101, polo período comprendido entre os días 16 de setembro do 2023 e 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

**Quinto.-** Con data 17 de agosto a empresa SACAFERRO, S.L. acepta e da conformidade á prórroga do expediente 18386-101 a través do documento nº 230270220 anexado no trámite 460 do antedito expediente e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.

**Sexto.-** A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



## Concello de Vigo

español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresa foi notificada da finalización da primeira prórroga do contrato en data 17 de agosto de 2023, que acepta e dá a súa conformidade coa segunda prórroga por un ano, en data 17 de agosto de 2023 (documento nº 230270220 anexo no trámite 460 do expediente), polo período comprendido entre os días 16 de setembro do 2023 e 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 por un período dun ano, os días 16 de setembro do 2022 e 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da segunda prórroga do contrato comprenderá dende o día 16 de setembro do 2023 ao 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

**Sétimo.-** O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) por un importe total de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros e sendo o cálculo dos importes previstos para os anos 2022 e 2023 os seguintes:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais)	2023 (16 de setembro ao 31 de decembro)	25.108,02 €	5.272,68 €	30.380,70 €

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais)	2024 (1 de xaneiro ao 15 de setembro)	50.216,03	10.545,37	60.761,40 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPON-SE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 formalizado coa entidade mercantil SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) polo período comprendido entre o día 16 de setembro do 2023 ao 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

**Segundo.-** Autorizar o gasto estimado de 30.380,70 € euros (IVE incluído) que representa a prórroga no exercicio económico do ano 2023, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais)	2023 (16 de setembro ao 31 de decembro)	25.108,02 €	5.272,68 €	30.380,70 €

**Terceiro.-** Asumir o compromiso de dotar no orzamento do exercicio económico 2024 o importe de 60.761,40 € euros que representa a prórroga nese ano, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais)	2024 (1 de xaneiro ao 15 de setembro)	50.216,03	10.545,37	60.761,40 €



## Concello de Vigo

institucionais)				
-----------------	--	--	--	--

**Cuarto.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa “SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) adxudicataria indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(709).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS – ANO 2023. EXPTE. 248119/301.**

Visto o informe xurídico do 21/07/2023 e o informe de fiscalización do 22/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 21/07/2023, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2023, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05.05.2023 aprobáronse as bases e a convocatoria de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais (BOP nº 93 do 16.05.2023 e extracto no BOP nº 103 do 31.05.2023).

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instrutora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 18.07.2023, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión e denegación de subvencións reseñando, de ser o caso, o concepto e o importe das mesmas.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 “*Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social*” do vixente orzamento de gastos, por un total de 70.000,00 €.

I.4. O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ao valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

I.5. O importe exacto a conceder ascende a **69.926,45€**, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado polas entidades: A “Federación COGAMI Pontevedra”, a “Asociación viguesa de Esclerosis múltiple de Pontevedra”, a “Fundación Érguete-Integración”, a “Asociación galega Tecendo Sonhos”, a “Asociación Parkinson de Vigo” a “Asociación galega contras las Enfermedades Neuromusculares AEM Galicia”, a “Asociación DOA saúde mental” e a “Asociación deportiva ALTER-NATIVA”.

I.6. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establecen o Art. 31.7 i) da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os Arts. 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.7. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de **69.926,45€** en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2023, segundo o seguinte desglose:



# Concello de Vigo

EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTACIÓN OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO (€)
252010/301	ASOC PARKINSON DE VIGO	PARKINSON CANTA	19	1.264,00
252071/301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	PROXECTO ESCOLAS DE APRENDIZAXE PARA FAMILIAS DE NENOS CON HEMOFILIA DO CONCELLO DE VIGO	18	1.452,58
254649/301	ASOC DA III IDADE NEVOX	"NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DEXITALEMENTE"	18	1.452,58
254617/301	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	DESAFIANDO REALIDADES	18	1.145,20
254017/301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDA EN BEADE 2023	17	1.371,88
252729/301	ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	MAIORES EN REDE	17	1.371,88
254018/301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA (ADICAM)	POLO MESMO CAMINO 3.0 PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL PARA PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA E/OU XINECOLÓXICO E OS SEUS FAMILIARES DE CARIAS	17	1.371,88
252394/301	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	VIVIR EN ACTIVO 2023	16	1.291,18
253201/301	FUNDACIÓN INGADA	A FAMILIA NO TDAH	16	1.291,18
254374/301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	TALLER TEATRO PARA MAIORES	15	1.210,48
254635/301	ASOCIACION DIGNIDAD GALICIA	OCIO E TEMPO LIBRE PARA A INSERCIÓ SOCIAL	15	1.210,48
			889	69.926,45 €
253437/301	BICOS DE PAPEL ASOC AXUDA NENOS ONCOLOXICOS HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO	ALGUMIÑO: PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL O NENO CON PATOLOXIA ONCO-HEMATOLÓXICA	27	2.178,87
254514/301	ALENTO-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	PROXECTO DE BENESTAR FÍSICO A USUARI@S AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	26	2.098,17
253895/301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	PROGRAMA DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	25	2.017,47
253153/301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICIÓN DE HÁBITOS FÍSICO-PSÍQUICO SAUDABLES	24	1.936,77
254237/301	ASOCIACIÓN DE ENFERMIDADES DE	HIDROTERAPIA: REHABILITACIÓN LÚDICA PARA		
253612/301	Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril (ALCER PONTEVEDRA)	"ALCER ACOMPaña" A IMPORTANCIA DO APOIO PSICOSOCIAL NAS PERSOAS CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
253765/301	ASOCIACIÓN PEQUES AZULES	VIGOTEA	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
254749/301	FUNDACIÓN FORMAVIGO	SERVIZOS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E APOIOS AO EMPREGO ESPECÍFICO	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
251874/301	AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA	ACTIVIDADE LÚDICO DEPORTIVA O CACHIBOL	0	BASE 3.1 So licitada axuda no outras áreas/ BASE 3.2 Non se encuadra na ámbito de actuación dos servizos sociais
254543/301				
252604/301	ASOC CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURS OFORMACIÓN DA SAUDE PERSOAS MAIORES E FOMENTO PSICOMOTRICIDADE	13	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
254019/301				
254240/301	ASOC DE COLABORACIÓN Y PROMOCIÓN DEL SORDO	"INFORMACIÓN Y SENSIBILIZACIÓN SOBRE LA RELACIÓN ENTRE LA PÉRDIDA AUDITIVA Y DETERIORO COGNITIVO"	0	BASE 6.d) Non ter sede ou delegación permanente no termo municipal de Vigo
252396/301				
253767/301	ASOC.CELIACOS DE GALICIA	III XORNADA DE FORMACIÓN E ENCONTRO	0	BASE 3.4 Proxecto que non reúne as condicións de interese social
	ASOC VECINAL CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVADORES	COS PÉS NO CHAN E A MIRADA NO MUNDO	0	BASE 2- Proxecto no n subvencionable. Non se trata dun proxecto da área dos servizos sociais.

lonan,  
la súa

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(710).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, CANDEÁN, LAVADORES, PEREIRÓ, TEIS E ZAMÁNS. EXPTE. 11979/255.**

Visto o informe xurídico do 09/08/2023 e o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 03/08/2023, asinado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

I.1.- D. Miguel Ángel Caruncho Campanario en representación de Xestión Ambiental de Contratas, S.L., xerente única da UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Naturgalia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo), CIF U02635563, presentou escrito en data 10/01/2023, (doc. 230007264), manifestou a vontade de prorrogar o contrato do que é adxudicataria de prestación de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (expte.11979/255), para a anualidade comprendida entre o 16/11/2023 al 15/11/2024, en contestación ó requirimento do Servizo de Cemiterios de 04/01/2023.

I.2.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día 17/09/2020, adxudicou a UTE Xestión Ambiental de Contratas, S.L. e Naturgalia, S.L., o procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, por un importe de 913.635,85 euros e prazo de duración tres anos, expte. 11979/255.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 04/11/2020, trala constitución da UTE e documento público cos seguintes datos:





## Concello de Vigo

Denominación social: UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Natur-galia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo)

CIF: U02635563

Domicilio fiscal: rúa Isaac Peral, 12, entresolo, CP 36201 Vigo.

Xerente único: Xestión Ambiental de Contratas, S.L., representada por Miguel Ángel Caruncho Campanario.

O prazo de execución do contrato é de tres anos, comezando o 16 de novembro de 2020.

O importe para a terceira anualidade comprendida do 16/11/2022 ata o 15/11/2023 era de 309.897,28€ dos cales 38.146,51€ corresponden á anualidade 2022 e 271.750,80€ corresponden á anualidade 2023, AD 2930/2023 con cargo a aplicación orzamentaria 1640.227.99.00 Mantemento xardíns cemiterios.

I.3.- O contrato formalizado ten unha duración de tres anos, do 16/11/2020 al 15/11/2023. Contémpanse dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha segundo o apartado 4.C. do anexo I de follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato.

A entidade adxudicataria veu prestando os servizos a satisfacción da administración municipal.

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

### II.1.- SOBRE A POSIBILIDADE LEGAL DA PRÓRROGA DO CONTRATO.-

O artigo 29.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) , establece que:

*“O contrato poderá prever una o varias prórrogas sempre que a súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se podan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Ley.*

*A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ó menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obrigaón de preaviso los contratos cuxa duración fora inferior a dos meses.*

*En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.*

*A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dé a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por terse demorado a Administración no abono do prezo más de seis meses”*

A cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP) que rexe este contrato establece que:

#### CLÁUSULA 7.- PRAZO

1.- O prazo total do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.

2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.

3.- Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

(...)

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece no apartado 4 un prazo de duración do contrato de tres anos (4.A)), e dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (4.C)).

De acordo co exposto, o contrato formalizouse en documento administrativo en data do 04/11/2020, tendo unha duración de tres anos, do 16/11/2020 a 15/11/2023, e con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, do 16/11/2023 a 15/11/2024, e do 16/11/2024 a 15/11/2025.

Por tanto, tanto a lexislación de aplicación como o contrato (PCAP), permiten a primeira prórroga do contrato para o período 16/11/2023 a 15/11/2024.

#### II.2.- SOBRE A CONVENIENCIA DA PRÓRROGA

A entidade UTE Cementerios Vigo, ven desenvolvendo os servizos de acordo co establecido no contrato, pregos que o rexen, e de xeito satisfactorio. Asemade, respecto do prezo en vigor da prestación do servizo, non se estima que unha nova contratación poida ser máis beneficiosa para o Concello ao ser preciso, cando menos, manter o nivel de prestación existente na actualidade e toda vez que a prestacións son eminentemente de persoal suxeito os correspondentes convenios do sector, polo que se considera idóneo a prórroga do contrato para a anualidade 2024.

#### II.3.- PREZO PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece no apartado 11, parágrafo segundo, que:

*“En caso de prórroga do contrato, o prezo de cada anualidade prorrogada será o que corresponda á terceira anualidade do contrato que vai do 16/11/2022 a 15/11/2023”.*

O prezo do contrato para a terceira anualidade comprendida do 16/11/2022 a 15/11/2023 é de 309.897,28 euros, IVE 21% engadido (Orzamento 328.141,97€ - baixa ofertada 5,56% = 309.897,28 euros)



## Concello de Vigo

Por tanto, o importe da primeira prórroga anual do contrato comprendida do 16/11/2023 a 15/11/2024, ascende ó importe de 309.897,28 euros, IVE 21% engadido, con cargo á partida orzamentaria de gasto 1640.227.99.00 “xardíns cemiterios”.

### II.4.- AUDIENCIA Á ADXUDICATARIA:

O informe con proposta de resolución da prórroga nos termos expresados notificouse á entidade adxudicataria, UTE Cementerios Vigo, cuxa representación legal presentou escrito de conformidade coa primeira prórroga anual do contrato (doc. 230235932, de data 02/08/2023), manifestado un erro na letra do CIF da UTE, sendo a correcta a letra U en vez de V, o cal se corrixe.

### II.5.- COMPETENCIA

É órgano competente para a resolución da prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

Por todo o exposto, tralos informes favorable da Asesoría Xurídica Municipal, e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a primeira prórroga anual, para o período comprendido do 16/11/2023 a 15/11/2024, do vixente contrato de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais: Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (expte.11979/255), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17/09/2020, a través de procedemento aberto, á UTE Xestión Ambiental de Contratas, S.L. e Naturgalia, S.L., constituída en documento público coa denominación de “UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Naturgalia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo)”, CIF U02635563, e formalizado o contrato en documento administrativo en data 04/11/2020, por un importe para esta primeira prórroga anual de 309.897,28 euros (IVE 21% engadido), dos cales 38.737,16€ corresponde a anualidade orzamentaria 2023 (do 16/11/23 ao 31/12/23) e 271.160,12€ a anualidade orzamentaria de 2024 (01/01/24 a 15/11/24), con cargo á partida 1640.227.99.00 “xardíns cemiterios”.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(711).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA Á CONCESIÓN DO POSTO BP03 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 9666/106.**

Visto o informe xurídico do 28/08/2023 e o informe-proposta do 23/08/2023, asinado polo enxeñeiro industrial, o concelleiro de Área de Portavocía (RA 11/08/2023) e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 23 de decembro de 2020, acordou outorgar a Elvira Ayari García Campos, NIF \*\*\*8930>> a concesión de dominio sobor do posto denominado BP03 (B21), bancada de peixe do Mercado do Progreso.

2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 16/06/2023, doc. 230168465, a concesionaria comunicou a renuncia ao posto con efectos dende o 15/06/2023

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato formalízase en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interese ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014 , para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor destes.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre o posto BP03 (B21) bancada de peixe no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén a concesión de dominio sobor do posto BP03 (B21), ata a data 01 de xullo de 2040, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Aceptar á renuncia á concesión de dominio outorgada a Dna. Elvira Ayari García Campos por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/12/2020, e, en consecuencia, outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia BP03 (B21) bancada de peixe, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.

Advertir que a renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio na data 23/12/2020, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo aos interesados Dna. Elvira Ayari García Campos e a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO 2023”. EXPTE. 9756/335.**

Visto o informe xurídico do 09/08/2023 e o informe de fiscalización do 24/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 08/08/2023, asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio, o concelleiro da Área de Goberno e polo o concelleiro delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais resolveu o día 2 agosto de 2023, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Asociación Centro Veciña e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), para a realización da “Festa do Polbo 2023”, o vindeiro 13 de agosto, na Carballeira do Pedregal (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2023”.

A Festa Gastronómica do Polbo ven organizándose nos últimos anos no Parque Forestal do Monte dos Pozos, e dende o ano 2022 na Carballeira do Pedregal con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve a “Asociación Centro Veciña e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158)”, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A “Asociación Centro Veciña e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158)”, está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Polbo 2023, conforme ao Programa e ao Presuposto,



## Concello de Vigo

recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Polbo se desenvolverá o día 13 de agosto de 2023, coa cocción e degustación do polbo, actuacións de grupos folclóricos, entrega de distincións parroquiais, concerto, representacións teatrais e despacho do polbo.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da “Asociación Centro

Veciñal e Cultura de Valadares". O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0006, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da "Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares" para coadjuvar aos gastos de desenvolvemento do programa "Festas de Vigo 2023"

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 19.500,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da polbo.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 21 e 28 de xuño de 2023.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

"1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a "Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares", CIF G-36.805.158, para a organización da "Festa Gastronómica do Polbo 2023".





## Concello de Vigo

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0006 (Convenio C.V.C. Valadares, Festa do Polbo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES (G-36.805.158) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO 2023**

Na Data da sinatura dixital

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, don ANGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS ESPECIAIS, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 20/06/2023 e 28/06/2023

Doutra, dona ANA PÉREZ DÁVILA, (DNI 36.037.085-H) como presidenta do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social no Camiño do Pedregal, nº 6 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9756/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

#### **MANIFESTAN**

I.- Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica do Polbo 2023, que se desenvolverá o día 13 de agosto de 2023, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2023**” na Carballeira do Pedregal, a carón do Centro Sociocultural. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Asociación Centro Veciñal e Cultura de Valadares, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Polbo, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Asociación Centro Veciñal de Valadares ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

**IV.-** O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2023” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Asociación Centro Veciñal de Valadares para o desenvolvemento da Festa do Polbo 2023.

**IX.-** A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9756/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## **PACTOS**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Polbo 2023 que terá lugar na Carballeira do Pedregal o día 13 de agosto de 2023, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da Carballeira do Pedregal que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincuenta carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2023".

4º.- Conceder directamente á Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Polbo 2023.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.



## Concello de Vigo

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES”, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Décimo.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá



## Concello de Vigo

o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo xesto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sétimo.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

**Décimo oitavo.-** O concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo noveno.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Vixésimo.-** Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Vixésimo primeiro.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo segundo.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.





## Concello de Vigo

**Vixésimo terceiro.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

### **7(712).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO EXPEDIENTE 5162/611.**

Dáse conta da proposta de data 29/08/2023, asinada pola técnica de administración xeral, que di o seguinte:

“1º.-Tomar razón da Resolución nº 144/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 127/2023, interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada ”-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios. - Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”, expediente 5162-611 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada ”-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios. - Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”, expediente 5162-611 do Concello de Vigo.

2. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento da valoración do sobre C e tendo en conta esta resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(713).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO EXPEDIENTE 26287/541.**

Dáse conta da proposta de data 29/08/2023, asinada pola técnica de administración xeral, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 145/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 132/2023, interposto por GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, SL contra os pregos da contratación do servizo *“A realización de cantas tarefas de apoio, execución, asesoramento e asistencia técnica se consideren necesarios para a recadación das débedas cuxa xestión teña encomendada o Concello de Vigo, sen que en ningún caso se contemplen a produción de actos administrativos nin aqueles que impliquen exercicio de autoridade*, expediente 26287-541. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, SL contra os pregos da contratación do servizo *“A realización de cantas tarefas de apoio, execución, asesoramento e asistencia técnica se consideren necesarios para a recadación das débedas cuxa xestión teña encomendada o Concello de Vigo, sen que en ningún caso se contemplen a produción de actos administrativos nin aqueles que impliquen exercicio de autoridade”*, expediente 26287-541 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo.

### **ACORDO**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(714).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PROXECTO "MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I". EXPTE. 1494/441.**

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 11/08/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1.494-441)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1.494-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de marzo de 2023.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 260.330,58 €.*

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1710.619.00.63 (MELLORA ACONDICIONAMENTO PARQUE NAVIA), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.500.000,00 €
------	----------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1494-441) na seguinte orde descendente:

<b>Orde</b>	<b>Empresas licitadoras</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
<b>1º</b>	<b>CIVISGLOBAL, S.L.U.</b>	<b>95,31</b>
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. - NATUR-GALIA S.L.	94,77
3º	ORECO BALGON, S.A.	94,38

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 7 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de xuño e 4 de xullo de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1.494-441) por un prezo total de 1.234.650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 214.278,10 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(715).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PLANIFICADOR DE VIAXES MULTIMODAL PARA O TRANSPORTE SOSTIBLE**

## **EN AUTOBÚS, BICICLETA E PEONIL NA APP VIGO E NA WEB MUNICIPAL. EXPTE. 10061/113.**

Visto o informe de fiscalización do 28/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/08/2023, que di o seguinte:

b) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10.061-113)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10.061-113)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizos e tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal.*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/02/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 07/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 22/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal*

*- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023..

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 54.996,69 €, que inclúe un IVE de 9.544,88 €, dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2023	9.544,88 €	45.451,81 €	54.996,69 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de xullo de 2023, de SMARTWORLD TELECOM, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Para garantir a calidade dos proxectos que poidan optar á licitación e non por en perigo o desenvolvemento do contrato so se admitiran aquelas propostas que acaden como mínimo do 50 % da puntuación reservada aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113) na seguinte orde descendente:

		Valoración B	Valoración C	Total
1	<b>CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.</b>	46	51	<b>97</b>
2	GEOMATICO S COOP GALEGA	38,5	42,51	81,01

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L., o día 31 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 12 e 20 de xullo de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:





## Concello de Vigo

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación, na sesión do 13 de xullo de 2023, de SMARTWORLD TELECOM, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Para garantir a calidade dos proxectos que poidan optar á licitación e non por en perigo o desenvolvemento do contrato so se admitiran aquelas propostas que acaden como mínimo do 50 % da puntuación reservada aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor”).*
2. *Adxudicar a CONSULTORÍA TÉCNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L. (B-17.525.429) o procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10.061-113) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 44.770,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.770,00 euros.*
  - b) *Propón a incorporación da visualización dos aparcabicis ao mapa do visor.*
  - c) *Incrementa o prazo de garantía en 2 anos.*
  - d) *Ampliación do prazo do soporte de afinado de enrutamento en 80 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe máxima do 80% - Proxecto EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada, a súa proposta aparecerá na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(716).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PROXECTO “SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”. EXPTE. 1571/441.**

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/08/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do proxecto “Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas” (1.571-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do proxecto “Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas” (1.571-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 29 de marzo de 2023.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCIENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (686.467,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 119.139,02 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6230015 (Deshumectadores, Eq. prod.E. Térmica, Bomba calor, condu. Luminarias, Compl.TravesasT), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2023	600.000,00 €
2024	86.467,68 €
TOTAL	686.467,68 €



## Concello de Vigo

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do proxecto “Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas” (1.571-441) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.	95,69
2	ACEUVE S.L.U.	86,49

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. (A-36.006.666), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A., o día 7 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 10 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 e 31 de xullo de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. (A-36.006.666) o procedemento aberto para a contratación do proxecto “Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas” (1.571-441) por un prezo total de 607.498,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 105.433,54 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **12(717).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO . EXPTE. 52694/444.**

Visto o informe de fiscalización do 24/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 23/08/2023, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**



## Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos de transporte vertical do Concello de Vigo.*

*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 31 de maio de 2023.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola Enxeñeira Industrial en data 10 de maio de 2023.*  
*estimase en*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de SEISCENTOS VINTE TRES MIL CENTO CINCUENTA EUROS (623.150 €), IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de CENTO OITO MIL CENTO CINCUENTA EUROS (108.150 €).*

*Por ter o financiamento carácter plurianual, cargarase á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 “MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS”, tendo a seguinte distribución por anualidades.*

	2023	2024	2025	TOTAL
ESCALEIRAS MECÁNICAS	12.000,00 €	36.000,00 €	24.000,00 €	72.000,00 €
RAMPLAS MECÁNICAS	29.800 €	149.100 €	122.400 €	301.300,00 €
ASCENSORES	19.600 €	70.900 €	51.200 €	141.700,00 €
TOTAL SEN IVE	61.400,00 €	256.000,00 €	197.600,00 €	515.000,00 €
IVE (21%)	12.894,00 €	53.760,00 €	41.496,00 €	108.150,00 €
TOTAL	74.294,00 €	309.760,00 €	239.096,00 €	623.150,00 €

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52.694-444) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	95,23
2	SCHINDLER, S.A.	71,65
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	54,84

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., o día 8 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 18 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



## Concello de Vigo

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 de xullo e 1 de agosto de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 419.135,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 72.742,49 euros:*
  - *Escaleiras mecánicas: 63.228,00 euros*
  - *Ramplas mecánicas: 176.372,00 euros*
  - *Ascensores urbanos: 106.792,80 euros*
  
- b) *Propón as seguintes porcentaxe de desconto (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP:*

<b>RAMPLAS</b>	<b>€/MES SEN IVE</b>	<b>% BAIXA OFERTADA</b>	<b>€/MES OFERTADO SEN IVE</b>
Aparatos de menos de 7 metros	350	65,00 %	122,50 €
Aparatos de 7 a 12 metros	400		140,00 €
Aparatos de 13 a 17 metros	450		157,50 €

Aparatos de 18 a 25 metros	550		192,50 €
Aparatos de 26 a 35 metros	700		245,00 €
Aparatos de 36 a 45 metros	850		297,50 €
Aparatos de 46 a 65 metros	1100		385,00 €
<b>ESCALEIRAS</b>	<b>€/MES SEN IVE</b>	<b>% BAIXA OFERTADA</b>	<b>€/MES OFERTADO SEN IVE</b>
Aparatos de menos de 7 metros	350	65,00 %	122,50 €
Aparatos de 7 a 12 metros	400		140,00 €
Aparatos de 13 a 17 metros	450		157,50 €
Aparatos de 18 a 25 metros	550		192,50 €
Aparatos de 26 a 35 metros	700		245,00 €
Aparatos de 36 a 45 metros	850		297,50 €
Aparatos de 46 a 65 metros	1100		385,00 €
<b>ASCENSORES</b>	<b>€/MES SEN IVE</b>	<b>% BAIXA OFERTADA</b>	<b>€/MES OFERTADO SEN IVE</b>
Inclinado	1800	65,00 %	630,00 €
Vertical <= 10 metros	300		105,00 €
Vertical de 11 metros a 20 metros	400		140,00 €
Vertical de 21 metros a 30 metros	500		175,00 €
Vertical de 31 metros a 50 metros	650		227,50 €

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(718).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO E INSTALACIÓNS PARA O NOVO PARQUE DE BOMBEIROS EN ESTURÁNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6839/213.**

Visto o informe de fiscalización do 28/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 25/08/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6.839-213)





## Concello de Vigo

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6.839-213)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 23 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de mobiliario e equipamento para o novo parque de Esturáns para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 13 de abril de 2023.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 26 de abril de 2023.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 99.601,15 euros, do que 17.286,15€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606250009 un importe de 49.809,65€ para o lote 1, " Mobiliario novo paque" . E lote 2, un importe de 49.791,50€ que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290001 " Equipamento novo parque" do presuposto municipal vixente.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6839-213) (Lotes 1 e 2) na seguinte orde descendente:*

*- LOTE 1*

	<b>Licitador</b>
1	PAZ DISMAC, S.L.

- LOTE 2

	<b>Licitador</b>
1	PAZ DISMAC, S.L.

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PAZ DISMAC, S.L. (lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PAZ DISMAC, S.L., o día 3 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 18 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PAZ DISMAC, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PAZ DISMAC, S.L., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 20 de xullo de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa



## Concello de Vigo

proposición avaliable a través de fórmula ao ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PAZ DISMAC, S.L. (B-36.062.180) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6.839-213) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do lote 1 é de 42.455,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.368,27 euros.*
- b) *O prezo total do lote 2 é de 40.543,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.036,55 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(719).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS QUE PERMITAN A XERACIÓN DE ACTAS AUDIOVISUAIS E A SÚA INCORPORACIÓN AO LIBRO DE ACTAS DE PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19054/101.**

Visto o informe de fiscalización do 28/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 25/08/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto mixto para a contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (19.054-101)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6.839-213)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 11 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto (artigo 156 da Lei 9/2017) do servizo de gravación e produción sesión plenarias e subministro de software expediente. Exp.: 19054-101 .*

*Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e mais pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, con data 26 de abril de 2023.*

*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación de data 26 de abril de 2023*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación 139.748,64 euros, sendo a parte fixa: 115.500,24 euros e a parte variable: 24.248,40 euros . O iver a soportar pola Administración é 24.253,90 euros, sendo o iver da parte fixa 20.045,50 euros e o iver da parte variable 4.208,40 euros*

*O importe da licitación podería tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes aos orzamentos de Alcaldía e mais de Administración Electrónica correspondente ou a suas bolsas de vinculación: Para a prestación do subministro 9207 6260000 e 9120 2090000; e para prestación do servizo: 9120 2279910.*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade”.*

A Xunta de Goberno local aprobou as seguintes correccións de erros:

### **- Sesión do 15 de maio de 2023:**

*“1º.- Rectificar o punto 5º do acordo de contratación por procedemento aberto para o servizo de gravación e produción de sesións plenarias e subministro de software, adoptado o 11 de maio de 2023 (expediente 19054-101):*

*Onde di:*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*



## Concello de Vigo

*Debe dicir:*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto.*

- Sesión do 25 de maio de 2023:

*"1º.- Rectificar o punto 4.2 parágrafo 3 do prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/04/2023 da "contratación por procedemento aberto para o servizo de gravación e produción de sesións plenarias e subministro de software" (expediente 19054-101)" aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 11 de maio de 2023 e posterior corrección de erros de data 15 de maio de 2023, polo que se procede á modificación do mesmo segundo ó seguinte detalle:*

*No punto 4.2 parágrafo 3:*

*Onde dicía:*

*A infraestrutura de servizo deberá estar situada en territorio español e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III).*

*Debe dicir:*

*A infraestrutura de servizo deberá estar situada en territorio da Unión Europea e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III)".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de xullo de 2023, de AMBISER INNOVACIONES, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Atendendo a criterios de calidade, aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación superior a 20 puntos neste criterio resultarán excluídos da licitación.").*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (19054-101) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	SPICA, S.L.	100,00

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SPICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SPICA, S.L., o día 4 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SPICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SPICA, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 12 de xullo de 2023 e do acordo da Mesa do 20 de xullo polo que se outorga a máxima puntuación á proposición avaliable a través de fórmula por ser o único licitador admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de xullo de 2023, de AMBISER INNOVACIONES, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Atendendo a criterios de calidade, aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación superior a 20 puntos neste criterio resultarán excluídos da licitación.”).*
2. *Adxudicar a SPICA, S.L. (B-36.603.363) o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario e instalacións para o novo parque de bombeiros en Esturáns do Concello de Vigo (6.839-213) por un prezo total do contrato de 123.578,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.447,52 euros, e cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 20 %:*

	<b>Importe C/IVE</b>	<b>IVE</b>
Parte fixa	99.330,20 €	17.239,12 €
Parte variable	24.248,40 €	4.208,40 €
Total	123.578,60 €	21.447,52 €

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(720).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE FORMACIÓN NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO "CENTRO DE FORMACIÓN" DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL, NA RÚA ALTA Nº 23. (LOTE 3) EXPTE. 248390/301.**

Visto o informe de fiscalización do 28/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 25/08/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lote 3)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lote 3)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, das actividades formativas nas instalacións municipais do “Centro de Formación” da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, na rúa Alta nº 23, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 31 e 30), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 32), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 27.03.2023 (trámite n.º 50), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 18) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (162.000€), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.2270611 “DUSI, OT9, LA 19,FORMACIÓN, RISCO EXCLUSIÓN”.*

*TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 26 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote III) na seguinte orde descendente:*

<b>ORDE</b>	<b>LICITADOR</b>	<b>TOTAL PUNTUACIÓNS LICITADORES</b>
<b>1º</b>	NORFORMACIÓN, S.L.	<b>92,50 PUNTOS</b>





## Concello de Vigo

<b>2º</b>	NT FOR LEARNING, S.L	92,14 PUNTOS
<b>3º</b>	FOROX INNOVACIÓN S.L.	86,44 PUNTOS
<b>4º</b>	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L	75,41 PUNTOS
<b>5º</b>	ADECCO FORMACIÓN S.A.U.	73,17 PUNTOS
<b>6º</b>	FLEXIPLAN, S.A., EMPRESA DE TRABAJO TEMPORAL	72,42 PUNTOS
<b>7º</b>	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	65,96 PUNTOS
<b>8º</b>	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L	48,19 PUNTOS

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN, S.L., o día 31 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 10 de agosto de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días ao licitador para poder emendar a acreditación da solvencia técnica e profesional. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido, o 23 de agosto de 2023.

Revisada a nova documentación na sesión do 25 de agosto, sendo esta correcta, acordouse, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NORFORMACIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 30 de xuño e 13 de xullo de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NORFORMACIÓN, S.L. (B-36.343.218) o lote III “Obradoiros de habilidades sociais, competencias persoais, xénero, autoestima, procura de emprego, cidadanía e integración, e outros” do procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do “Centro de formación” da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo máximo do contrato é de 44.000,00 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 30,00 %.*
- b) *Propón un plan de valoración da calidade do servizo.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*



## Concello de Vigo

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(721).- DECLARACIÓN DE DESERTO DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.15600/445.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 23/08/2023, que di o seguinte:

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 7 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de agosto de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de agosto.

**Terceiro.-** Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de agosto de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de agosto de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445) por non terse presentado ningunha proposición”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **17(722).- DECLARACIÓN DE DESERTO DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E SERVIZOS AUXILIARES NO PARQUE ZOLÓXICO DE VIGOZOO. EXPTE. 11763/612.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 23/08/2023, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 14 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 21 de xullo de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 3 de agosto.

**Terceiro.-** Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 10 de agosto de 2023 só se presentou un licitador, MILCONS, S.L.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 acordou outorgar un prazo de tres días a MILCONS, S.L. para que puidese emendar a documentación presentada no Sobre A por non axustarse ao esixido na cláusula 14.2A) do PCAP. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

**Quinto.-** Na sesión do 23 de agosto de 2023 a Mesa de Contratación acordou non admitir neste procedemento a MILCONS, S.L. por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Concretamente, o licitador non respondeu a varios dos motivos de exclusión recollidos no parte III do PCAP ("*Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social*", "*Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral*", "*¿Se encuentra el operador económico en quiebra?*", "*¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?*", "*Activos que están siendo administrados por un liquidador*" e "*Acuerdos con otros operadores económicos destinados a falsear la competencia*").

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado non emendou correctamente a documentación do Sobre A dentro do prazo concedido para o efecto cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612) porque o único licitador presentado non emendou correctamente a documentación do Sobre A dentro do prazo concedido para o efecto”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(722).- DAR CONTA DO INFORME DE FUNCIONAMENTO E XESTIÓN DO CANLE DE ALERTAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 1176/1102.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/08/2023, asinado pola secretaria de Goberno Local e instrutora do Plan de Integridade na Contratación Pública e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Primeiro.-** O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na *“Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana”* da *Federación Española de Municipios y Provincias*, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

**Segundo.-** En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno. A composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación actualizouse por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data de 3 de decembro de 2021 (en virtude da delegación por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019) como consecuencia da reorganización da Secretaría de Goberno local.

**Terceiro.-** O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de*



## Concello de Vigo

*Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.*

*Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.*

*Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.*

*Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.”*

**Cuarto.-** Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

**Quinto.-** O Plan de Integridade da contratación, marco estratéxico, recolle a “liña estratéxica 2: tirarlle partido á tecnoloxía”, partindo da consideración da tecnoloxía como un dos alicerces do goberno aberto, ao servizo dunha boa administración e como ferramenta ao servizo da xestión do coñecemento. E, dentro desta liña, o “obxectivo estratéxico 2.2: Establecer mecanismos de detección e alertas”, diríxese a mellorar o marco de control dos riscos e avanzar en rendición de contas. Con esta finalidade, o marco estratéxico, establece que “o seu desenvolvemento operativo incluírá mecanismos de detección interna xunto cun portal open data e canles electrónicas de comunicación coa cidadanía. No deseño terase en conta a recente aprobación da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión”.

En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico 2.2, o plan de integridade, a nivel operativo, recolle dous obxectivos operativos:

- O obxectivo operativo 2.2.2. “Establecer un portal *open data*”, que está en marcha, a partires do acordo da Xunta de Goberno local do 24 de xaneiro de 2020, que aprobou o “proxecto de creación e publicación do portal de datos abertos (*open data*) do Concello de Vigo” (expediente 8924/113), na actualidade operativo en <https://datos.vigo.org/es/>

- O obxectivo operativo 2.2.3. “Abrir un buzón electrónico de alertas”, que nos ocupa.

**Sexto.-** En sesión de ata 13 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación a creación da canle de alertas en materia de contratación, por acordo da Xunta do Goberno local do 13 de xaneiro 2022 (expediente 6695/241). O dito acordo xa recollía na súa parte expositiva que no deseño da canle se atendía á regulación contida na Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión coñecida como Directiva *Whistleblower* ou *Whistleblowing*.

Asemade, a xestión desta canle telemática encomendábase ao Comité de Integridade Contractual, con plena autonomía funcional e sen suxeición a orde xerárquica ningunha.

**Sétimo.-** Nesta mesma liña, tamén se aprobou o Plan Antifraude, adoptado mediante acordo da Xunta do Goberno Local do 11 de marzo 2022 (expediente 1185/441) relativo ao plan de medidas antifraude, do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, no que se acorda, entre outros extremos, a composición do Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. O Plan de Medidas Antifraude pode consultarse en [https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr\\_antifraude.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/)

**Oitavo.-** O Concello de Vigo conta cun Delegado de Protección de Datos nomeado por acordo de XGL de 18 de novembro de 2022 (expediente 8837/113). O Responsable do Sistema Interno de Información, no caso de ter algunha dúbida na xestión das comunicacións que impliquen tratamento de datos persoais e nas que poida existir o tratamento de datos de categorías especiais, poderá remitir consulta ao Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo.

**Noveno.-** En data 21 de febreiro de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado núm. 44 a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

**Décimo.-** En sesión do 20 de abril de 2023, o Comité de Integridade Contractual pon de manifesto a necesaria adaptación da canle de alertas á LPI

**Décimo primeiro.-** En data 12 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación en expte 1446-1202 aos seguintes a

- a) Proposta das actuación e informacións previas a seguir na xestión do “Sistema Interno de Información” publicado no BOP PO 126 de data 30.06.2023
- b) Proposta de creación do órgano responsable do “Sistema Interno de Información “
- c) Proposta de aprobación da “Política do Sistema Interno de Información do Concello e Garantías de Protección das Persoas Informantes” publicado





## Concello de Vigo

no BOP PO 126 de data 30.06.2023

**Décimo segundo.-** En data 15 de xuño de 2016 Comité de Integridade Contractual de conformidade co disposto no apartado quinto dos principios de funcionamento e xestión do canle de alertas aprobados pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 13 de xaneiro de 2022 emitiu o informe correspondente ao período de data 13 de xaneiro de 2022 e ata 15 de xuño de 2023.

**Décimo terceiro.-** En data 15 de xuño de 2023, a vista do acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2023 os membros do Comité de Integridade Contractual acordan por unanimidade elevar a Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal deixar sen efecto o canal de alertas creado en data 13 de xaneiro de 2022 e en data 12 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno Local en expediente de adaptación do sistema interno de información (1446-1102)

**Décimo Cuarto.-** En data 28 de agosto de 2023 por Resolución da concelleira delegada da Área de goberno de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, a proposta do Comité de Integridade Contractual de data 15 de xuño de 2023, acordouse deixar sen efecto o canle de alertas en materia de contratación creado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de xaneiro de 2022 con efectos 13 de xuño de 2023.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

O apartado quinto dos principios de funcionamento e xestión do canle de alertas aprobados pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 13 de xaneiro de 2022 dispón que transcorrido un ano desde a súa implantación o Comité elaborará un informe dirixido ao órgano de contratación no que deixará constancia das comunicacións e informacións recibidas de forma anonimizada e no que sintetice a súa actividade, coas propostas que considere de cara á mellora continua do sistema .

En data 15 de xuño de 2023 o Comité de Integridade Contractual emitiu o informe correspondente ao período de data 13 de xaneiro de 2022 e ata 15 de xuño de 2023 no que se conclúe que durante o exercicio xaneiro 2022 e ata 15 de xuño de 2023 non se presentou a través do canle de alertas ningunha solicitude/ denuncia/alerta en materia de contratación.

E por isto polo que procede dar conta do informe a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación de conformidade coa disposición adicional segundo, paragrafo 11 da Lei 9/2017, de Contratos del Sector Público (LCSP).

Polo exposto elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**

**PRIMEIRO.-** Dar conta do informe do Comité de Integridade Contractual de data 15 de xuño de 2023 relativo ao funcionamento e xestión do canle de alertas en materia de contratación período de data 13 de xaneiro de 2022 e ata 15 de xuño de 2023.

**SEGUNDO.-** Publicar o acordo no Portal de Transparencia.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **19(723).- DAR CONTA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2023. EXPTE. 653/504.**

Dar conta da Resolución do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 28/08/2023, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 10 de agosto de 2023,

## **RESOLVO:**

**1.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS** do Municipio de Vigo para o ano **2023** por importe total **12.672.331,11€** dos que **11.374.169,06€** corresponden á cota municipal e **1.298.162,05€** ao recargo provincial, que contén **4.212 inscricións**, segundo relación que comeza por "BUREAU VERITAS INSP. Y TESTING SLU" e remata por "ZINA MOVIL SL".

**2.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza fiscal xeral.

**3.- Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **20(724).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA PARA DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL. MINDTECH-2023. EXPTE. 19928/77.**

Visto o informe de fiscalización do 23/08/2023 e o informe-proposta do 19/07/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

Así mesmo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

II. No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, teñen tramitado o convenio de colaboración asinado en expte. 19227/77 para o desenvolvemento da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” 2023, aprobado pola XGL na sesión ordinaria de data 16/03/2023, e na do 13/04/2023 de corrección de erro material nas datas de celebración da feira, de modificación de anexo-convenio, para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias do Metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas.

Unha vez asinado o referido convenio, o Concello debe tramitar o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME, CIF G36614774, titular da organización da citada Feira), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do referido convenio.

III. A “Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME” (G36614774), achega memoria para a realización da primeira FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021”, remitida en data 10/02/2023 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (230040206), e orzamento actualizado e modificado con data 31/05/2023, constando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:

- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á AEAT expedido en data 01/03/2023.
- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 01/03/2023.
- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo expedido en data 02/03/2023.
- certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 01/03/2023.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia.
- declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado para fomento do emprego.

- memoria do proxecto subvencionado
- orzamento de ingresos e gastos

IV. Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta creada a partida 2410 4700005 "FEIRA METAL MINDTECH", da área de Emprego.

V. En data 01/03/2023, a tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego (RA de delegación de competencias do 06/09/2022), resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME)" (G36614774), do convenio para o desenvolvemento da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH" 2023.

VI.- A tal efecto, consta no expediente memoria xustificativa do convenio, asinada pola técnica de xestión (Por ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, Resolución concelleira da área de goberno do 26/06/2023), co conforme da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, e borrador de convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Obxecto do convenio:**

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 100.000,00€ á "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME" (CIF G36614774), que se instrumentaliza a través do convenio co texto que consta no expediente e que se propón para aprobación, para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH" 2023 ), celebrada os días 20, 21 e 22 de xuño deste ano, cara á dinamización e fomento do emprego.

### **II. Procedemento de concesión directa:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subven-



## Concello de Vigo

cións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e cultural, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

### **III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:**

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, á Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

Pola outra parte, asinará o convenio don Justo Sierra Rey, na súa condición de presidente da asociación, segundo resultou acreditado no expediente.

### **IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explicitáse o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade

de da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

## **V. Normativa de aplicación:**

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **VI. Contía total e crédito orzamentario:**

O importe do convenio de 100.000,00 € imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL MINDTECH", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



## Concello de Vigo

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

### **-Procedemento e competencia:**

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2023, BOPPO nº 123 do 27/06/2023 e modificación posterior de data 28/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774).

**Segundo.-** Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 “FEIRA METAL MINDTECH”, dos que 55.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023 e 45.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra conforme ao convenio asinado en expte.19927/77 e, comprometer o mesmo a favor da “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.

**Terceiro.-** Facultar á Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, dona Elena Espinosa Mangana, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**Cuarto:** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774) PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” 2023.

En Vigo, data segundo sinatura dixital

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo, co CIF P3605700H, con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Justo Sierra Rey, actuando en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA”, co CIF G36614774 con sede en Vigo na Avenida do Doutor Corbal, nº 51, no seu nome e representación.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e





**Concello de Vigo**

## **EXPOÑEN**

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

Que o Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

E, de conformidade co anterior

## **MANIFESTAN**

I.- Que a “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA”, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar e que consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 1222-14, organiza a terceira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” 2023, a feira industrial referente no Polo Ibérico celebrada en Vigo do 20 ao 22 de xuño de 2023.

II. Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíuse como unha das principais áreas de desenvolvemento das industrias do metal, polo que esta cita representa unha oportunidade para potenciar conxuntamente a capacidade das industrias do metal do noso entorno, e os valores turísticos de Vigo e das Rías Baixas, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que teñen unha incidencia internacional, e as converten nun gran escaparate para as cidades que as promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación, tendo participado na mesma profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Utillaxes; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueles; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos;

Construcións e Estructuras Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimientos; Calderería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc.

III. Que para o desenvolvemento desta iniciativa o Concello de Vigo conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra, en virtude do convenio de colaboración asinado en expte. 19927/77 para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias do Metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración da terceira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” 2023, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

IV. Que segundo a memoria remitida pola entidade en data 10/02/2023 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (230040206), a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME" conta na actualidade con máis de 600 empresas asociadas representativas das actividades de automoción, metalmecánica e transporte; naval, marítima, e enerxías marinas; construcións e estruturas metálicas; aeronáutica; aluminio: extrusión, carpintería e cerramentos; ascensores e elevadores; servizos complementarios: logística, sistemas de información e comunicación e é por isto, polo que ASIME asume o liderazgo, en atención aos seus obxectivos e competencias, na creación da terceira Feira MindTech, a fin de potenciar e promocionar o sector industrial e metalúrxico galego, na que as empresas locais poidan amosar todo o potencial que se ten en Galicia, creando oportunidades de negocio tanto locais, coma nacionais e internacionais, dándose cita na feira as empresas líderes do sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas, a nivel nacional e internacional.

V. Que o Concello de Vigo considera que a Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH 2023 ten un interese público, económico e social en base aos datos de expositores e visitantes dos que dispón a organización, que estiman unhas cifras de inversión na cidade por mor do evento que reflicten que o gasto aproximado en negocios e establecementos locais se cifra nun total de aproximadamente 2.000.000 €. Que se espera unha cifra de 6.000 visitantes diarios, que sumados aos 800 traballadores das empresas expositoras e os 50 compradores internacionais darían un total de 7.000 persoas movilizadas por día. Dese total, se estima que un 35% dos participantes non pertencen á área metropolitana Viguesa. Por outro lado, tense analizado a estimación de creación de negocio da



## Concello de Vigo

feira, indicando que de varias análises realizados pola organización a feira creará colaboracións e negocio entre empresas por un valor preto dos 5.000.000 €.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2023 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL MINDTECH", para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2023, unha subvención directa por razóns de interese público, económico e social, como é a celebración da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH" 2023.

VI.- Que a "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA", co CIF G36614774, non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

### PACTOS

Primeiro.- A "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA", co CIF G36614774 comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do emprego no sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas, e ao fomento do emprego directo e indirecto, derivado da organización da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH" 2023, contribuíndo ao mantemento dos postos de traballo da Asociación en Vigo adicados á organización do evento e á dinamización da actividade económica da cidade e fomento de emprego derivado da organización da feira internacional a través dos provedores locais contratados: instaladores/montadores, servizos de limpeza, publicidade e maquetación, audiovisuais, e ao impacto na hostalería e comercio.

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- O CONCELLO DE VIGO, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2º.- Conceder á “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” unha subvención por importe de 100.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 “FEIRA METAL MINDTECH” mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” 2023, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade:

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer



## Concello de Vigo

nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta Asociación no ano 2023.

Séptimo.- A presente subvención rexistrárase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo de 15 días hábiles, dende o día seguinte á sinatura do convenio, o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente..

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

**Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida, establecendo una porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20 %.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descriptiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - Contrato de traballo
  - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Nóminas correspondente aos meses imputados.
  - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
  - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.



## Concello de Vigo

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Noveno.-Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2023, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Emprego dependente da concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.





## Concello de Vigo

E, en proba da súa conformidade, asinan electronicamente o presente convenio, en Vigo, nas datas segundo sinaturas dixitais.

### **21(725).- PRÓRROGA DA SEGUNDA ANUALIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14428/306.**

Visto o informe xurídico do 02/08/2023 e o informe de fiscalización do 08/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2023, asinado polo xefe de Medio Ambiente a concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

I.1.- D. Andrés Pastoriza Negreira en nome e representación da entidade Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, (doc. 230221468, data 26/07/2023) solicita a segunda prórroga do contrato do que é adxudicataria, servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo (expte. 14428/306), de acordo co establecido nos pregos que rexen o contrato.

I.2.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día 30 de abril de 2020, adxudicou á entidade Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (Expte. 14428/306) por un importe de 1.766.253,95 euros.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 26 de maio de 2020.

I.3.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día 26 de maio de 2022, aprobou a modificación do procedemento aberto para a contratación do servizo vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (expediente 14428-306), incluíndo neste o areal de Santa Baia.

A modificación supón un incremento anual do importe total do contrato de 31.791,76 euros (IVE incluído), que representa un 1,80% do prezo do contrato. Aboarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

A modificación formalizouse en documento administrativo en data 15 de xuño de 2022 (expte. 6779/241).

I.4.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de setembro de 2022, acordou aprobar a primeira prórroga anual, para o ano 2023, período de prestación dos servizos de 15 de xuño a 15 de setembro, do vixente contrato de servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento,

asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo.

O importe para o ano 2023 era de 630.604,51 euros IVE 21% engadido, dos que 356.627,16€ serían con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias" e 273.977,35€ con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias".

1.5.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 27/04/2023 (expte. 6880/241), acordou modificar o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (expte. 14428/306) incluído servizos no areal do Adro e ampliando servizos de accesibilidade para o baño en Samil e o Vao, o que supón incumprimento do prezo do contrato en 28.141,26 euros (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 21.945,38 euros con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias"
- 6.195,88 euros con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias"

A modificación formalizouse en documento administrativo en data 23 de maio de 2023 (expte. 6880/241).

1.6.- Por tanto, o importe para a presente anualidade de 2023, é o seguinte:

ANO	IMPORTE ANUAL IVE ENGADIDO (€)	PARTIDAS	IMPORTE POR PARTIDAS (€)
2023	658.745,77	1720.227.01.00 "Vixilancia Praias" AD 2932/2023, 8/01/23 ADC 120706/2023, 29/05/23	378.572,54
		1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias" AD 2933/2023, 8/01/23 ADC 120707/2023, 29/05/23	280.173,23

1.7.- O contrato formalizado tiña unha duración de tres anos, 2020 a 2022, prestándose os servizos do 15 de xuño o 15 de setembro de cada unha das anualidades. Contéplanse dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha, (ano 2023 aprobada e en execución +2024) segundo o apartado 4.C. do anexo I de follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato.

A entidade adxudicataria veu prestando os servizos a satisfacción da administración municipal.

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

### II.1.- SOBRE A POSIBILIDADE LEGAL DA PRÓRROGA DO CONTRATO.-



## Concello de Vigo

O artigo 29.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) , establece que:

*“O contrato poderá prever una o varias prórrogas sempre que a súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se podan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Ley.*

*A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ó menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obrigaçión de preaviso los contratos cuxa duración fora inferior a dos meses.*

*En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.*

*A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dé a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por terse demorado a Administración no abono do prezo máis de seis meses”*

A cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP) que rexe este contrato establece que:

### **CLÁUSULA 7.- PRAZO**

1.- O prazo total do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.

2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.

3.- Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

(...)

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece no apartado 4, un prazo de duración do contrato de tres anos, sendo a súa prestación do 15 de xuño ao 15 de setembro de cada ano, e dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

De acordo co exposto, o contrato formalizouse en documento administrativo en data do 26 de maio de 2020, tendo unha duración de tres anos: 2020, 2021, 2022 e con posibilidade de dúas prórrogas do contrato dun ano de duración cada unha (2023+2024).

O contrato prorrogouse para a anualidade 2023, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de setembro de 2022.

Por tanto, tanto a lexislación de aplicación como o contrato (PCAP), permiten a prórroga do contrato para o ano 2024.

### **II.2.- SOBRE A CONVENIENCIA DA PRÓRROGA**

A entidade Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., ven desenvolvendo os servizos de acordo co establecido no contrato, pregos que o rexen, e de xeito satisfactorio. Asemade, respecto do prezo en vigor da prestación do servizo, non se estima que unha nova contratación poida ser máis beneficiosa para o Concello ao ser preciso, cando menos, manter o nivel de prestación existente na actualidade e toda vez que a prestacións son eminentemente de persoal suxeito os correspondentes convenios do sector (convenio autonómico), polo que se considera idóneo a prórroga do contrato para a anualidade 2024.

### II.3.- PREZO PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O prezo do contrato para anualidade da prórroga do ano 2024 sería o mesmo da anualidade 2023 de acordo co establecido nos pregos que rexen o contrato que non prevén ningún incremento.

O importe, por tanto, do contrato para o ano 2024 sería de 658.745,77 euros IVE 21% engadido, dos que 378.572,54€ serían con cargo á partida 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias” e 280.173,23€ con cargo á partida 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias”.

### II.4.- AUDIENCIA Á ADXUDICATARIA:

O informe con proposta de resolución da prórroga nos termos expresados notificouse á entidade adxudicataria, Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, a cal presentou escrito de conformidade coa prórroga do contrato para anualidade 2024 (doc. 230222165, de data 27/07/2023).

### II.5.- COMPETENCIA

É órgano competente para a resolución da prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

Por todo o exposto, tralos informes favorable da Asesoría Xurídica Municipal, e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**PRIMEIRO** .- Aprobar a segunda prórroga anual, para o ano 2024, período de prestación dos servizos de 15 de xuño a 15 de setembro, do vixente contrato de servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo, adxudicado á empresa Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de abril de 2020, expte. 14428/306, (formalizado en documento administrativo 26 de maio de 2020), modificado por acordos da Xunta de Goberno Local en sesións do 26 de maio de 2022 (expte. 6779/241) e 27 de abril de 2023 (expte. 6880/241), (formalizadas as modificacións en datas 15/07/2022 e 23/05/2023, respectivamente), por un importe para a anualidade 2024 de 658.745,77 euros IVE 21% engadido, dos que



## Concello de Vigo

378.572,54€ serán con cargo á partida 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias” e 280.173,23€ con cargo á partida 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias”.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(726).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL: “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO” DENTRO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2023. EXPTE. 16847/306.**

Visto o informe de fiscalización do 24/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 22/08/2023, asinado polo xefe de Medio Ambiente, a concelleira delegada de Medio Ambiente e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A concelleira delegada de Medio Ambiente en data do 21 de agosto de 2023, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono a carón da botánica, dentro do programa Camiño a Camiño 2023.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle cinco rutas medioambientais por Vigo e zonas próximas para un total de 750 participantes, que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2023.

As actividades realizadas en Vigo e na súa área de influencia van dirixidas ao coñecemento do hábitat da zona, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto no termo municipal de Vigo como en concellos limítrofes.

Iniciaranse os percorridos cunha travesía de día completo entre o Monte Galiñeiro e o Monte Aloia, visitando o Parque Natural do Aloia, un referente botánico de Galicia co seu arboreto ilustrado.

Continuarase coa visita ó Rosal, espazo con microclima moi axeitado cunha botánica exhuberante. Logo, visitarase un dos templos da botánica: o arboreto de Lourizán, con 54 hectáreas e 850 especies catalogadas, unha das maiores coleccións naturais de España.

Por último, realizaranse percorridos por dous espazos singularmente destacados no termo municipal de Vigo: a ruta botánica polo río Eifonso e a ruta polo Lagares -rematando no Parque de Castrelos-. No primeiro caso, trátase do bosque de ribeira mellor conservado en Vigo e no segundo caso, baixarase polo rego do Barxa contemplando certos tramos ben conservados do bosque de ribeira, para rematar no arboreto de Castrelos.

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 22.374,00 euros (IVE engadido).

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente prevé determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración empresarial (en especie) con entidades privadas que desenvolverá as actividades previstas, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, tendentes á execución deste proxecto de actividades.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde de data 03 de xullo de 2023 (BOPPO 14/07/2023), en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.



## Concello de Vigo

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto no termo municipal de Vigo como nos concellos limítrofes, falcendo fincapé na súa riqueza botánica

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades, polo que sería posible subscribir estes convenios para a execución das actividades.

A cofinanciación dos custes do transporte discrecional fora do termo municipal polos participantes, considérase, tamén, axustada a dereito nos termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepasar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 2 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO, 28/06/2023), correspóndelle a esta a "aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal".

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: “Percorridos Medioambientais de outono”, a carón da botánica, dentro do programa Camiño a Camiño 2023, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 21 de agosto de 2023, que recolle cinco rutas medioambientais por Vigo e a súa área de influencia para un total de 750 participantes que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2023.

**Segundo.-** Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

**Terceiro.-** Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de cinco días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADE “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO ”

OUTUBRO-NOVEMBRO 2023

#### **1. DESCRICIÓN DO SERVIZO**

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais o vindeiro outono de 2023 que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente.

O proxecto de actividades integrarase dentro da colaboración Concello de Vigo con entidades privadas no marco de convenios de colaboración que se tramitarán no servizo de Medio Ambiente.

#### **2. ACTIVIDADES: DESCRIPCIÓN**

Preséntase o seguinte cronograma de actividades:

Data	Día semana	Horario	Actividade: Paseo interpretativo	Usuarios	Autobús
29 Out	Domingo	8:30-18:30	Ruta botánica II: Galiñeiro - Aloia	150	Discrec.
5 Nov	Domingo	8:30-14:30	Ruta botánica I: O Rosal	150	
12 Nov	Domingo	8:30-14:30	Ruta botánica III: Lourizán	150	
19 Nov	Domingo	8:30-14:30	Ruta botánica IV: río Eifonso	150	
26 Nov	Domingo	8:30-14:30	Ruta botánica V: río Lagares	150	

##### **1.Programa dos percorridos interpretativos:**

2. As actividades realizadas van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de patrimonio natural, botánica,

como patrimonio cultural. O nome proposto para o programa é “**En outono, percorridos medioambientais a carón da botánica**”.

3. Iniciaranse os percorridos cunha travesía de día completo entre o Monte Galiñeiro e o Monte Aloia, visitando o Parque Natural do Aloia, un referente botánico de Galicia co seu arboreto ilustrado.

Continuarase coa visita ó Rosal, espazo con microclima moi axeitado para unha botánica exuberante. Logo visitarase un dos templos da botánica: o arboreto de Lourizán, con 54 hectáreas e 850 especies catalogadas, unha das maiores coleccións naturais de España.

Por último, realizaranse percorridos por dous espazos singularmente destacados no termo municipal de Vigo: a ruta botánica polo río Eifonso e a ruta polo Lagares -rematando no Parque de Castrelos-. No primeiro caso, trátase do bosque de ribeira mellor conservado en Vigo e no segundo caso, baixarase polo rego do Barxa contemplando certos tramos ben conservados do bosque de ribeira, para rematar no arboreto de Castrelos.

#### **4.Público obxectivo:**

5. Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, particularmente adultos.
6. O número previsto de participantes está en 150 persoas por percorrido.

#### **7.Cronograma da actividade:**

8. 8:30 – 9:00 Convocatoria e saída dende a Praza do Rei
9. 9:00 – 10:15 Desprazamento ata o lugar de inicio do percorrido
10. 10:15 - 13:00 Percorrido programado
11. 13:00 -14:15/30 Retorno ata a Praza do Rei.

No caso do percorrido entre o Monte Galiñeiro e o Monte Aloia, será de día completo ata as 19:00 horas. Pola tarde, terá lugar un pequeno percorrido complementario de 1,5-2 horas ao realizado pola mañá.

#### **12.Perfil do persoal** preciso para o desenvolvemento do proxecto:



## Concello de Vigo

- a. Un Coordinador de Actividade, que proporcionan o detalle da execución das actividades e os contidos a presentar ao monitoraxe, así como a distribución de funcións e tarefas a realizar durante as actividades dirixidas a gran grupo e a xestión administrativa correspondente.
- b. Percorridos: Cinco monitores de actividade medioambientais, socioculturais ou de tempo libre segundo a previsión descrita anteriormente nos percorridos.
- c. Persoal de apoio para os percorridos con furgoneta en circulación.

13.A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

14.Para o desprazamento está previsto empregar o autobús discrecional.

### **15.A empresa de servizos que desenvolva as actividades proxectadas deberá realizar:**

- a. Os seguros de responsabilidade civil.
- b. A relación que haxa cos usuarios previa e posterior ás actividades, en coordinación con persoal do Concello de Vigo. Derivada destas actuacións recibírase información persoal para a súa tramitación e, asemade entregárase aos monitores a información que estes precisen para desenvolver as súas funcións.
- c. A posta a disposición do material necesario para o desenvolvemento das actividades.
- d. Aquelas outras obrigas de índole legal e organizativas que se deriven da organización da Campaña.

### **16.Tarefas xerais previstas**

17.Organización e execución das actividades, incluído os recursos oportunos

18.Xestión dos participantes sobre a base dos listados proporcionados pola Concellería de Medio Ambiente.

19.Programación de cada actividade e elaboración dos guións de traballo e a documentación pertinente para a súa distribución entre o equipo e a correspondente preparación por parte deste.

20.Organización do equipo de traballo para cada actividade a partir da indicación do número de usuarios inscritos o venres previo a cada unha.

21.Organización da saída dos usuarios dende o punto de encontro tanto de inicio de actividade como de retorno definido pola Concellería de Medio Ambiente.

22.Información xeral aos usuarios durante o desenvolvemento da actividade, así como atención a necesidades que se produzan ao longo da mesma.

23.Apoio telemático á Concellería de Medio Ambiente no proceso de inscrición e participación nas actividades.

24.Acompañamento ao grupo de usuarios nos desprazamentos polos paseos, con especial atención aos tramos de circulación rodada ou de especial dificultade.

### **3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO**

---

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en sábado e domingo, e en consideración ás tarefas que se deben desenvolver antes citadas:

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

<b>Concepto e custes unitarios</b>	<b>Total Base</b>	<b>% IVE</b>	<b>Total IVE</b>	<b>TOTAL</b>
<b>Monitorado e organización percorridos e actuacións</b>	<b>11.550,00</b>	<b>21%</b>	<b>2.425,50</b>	<b>13.975,50</b>
1 percorridos de día completo, con preparación previa e atención público x 2950 €/percorrido	2.950,00	21%	619,50	3.569,50
4 percorridos de día completo,	8.600,00	21%	1.806,00	10.406,00



## Concello de Vigo

con preparación previa e atención público x 2150 €/ percorrido				
<b>Transporte discrecional (3 autobuses x percorrido)</b>	<b>7.635,00</b>	<b>10%</b>	<b>763,50</b>	<b>8.398,50</b>
1 Día completo: 595 €/autobús x 3 autobuses	1.785,00	10%	178,50	1.963,50
2 Medio día fora de Vigo: 575 €/autobús x 3 autobuses	3.450,00	10%	345,00	3.795,00
2 Medio día en Vigo: 400 €/autobús x 3 autobuses	2.400,00	10%	240,00	2.640,00
<b>CUSTE TOTAL</b>	<b>19.185,00</b>		<b>3.189,00</b>	<b>22.374,00</b>

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente tramitará determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración con entidades privadas que desenvolverá as actividades previstas, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, co obxecto da execución deste proxecto de actividades.

### **4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRICIÓN**

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).
- No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na lista de agarda, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.
- Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.
- Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas.

- Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.
- Opcionais: e-mail.
- Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.
- A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010 ou na Web.
- No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.
- As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.
- Unha mesma persoa non poderá asistir a dúas rutas consecutivas.

## **5. PUBLICIDADE**

---

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.

## **6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

---

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o/a participante.

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L.O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirse ao correo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**23(727).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MINORACIÓN DO IMPORTE CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE DO EXERCICIO 2023 DO CONTRATO DE**



## Concello de Vigo

### **SEGUROS PARA OS VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14838/445.**

Visto o informe de fiscalización do 08/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 04/08/2023, asinado polo responsable do contrato e enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, a técnica de xestión da Área de Fomento, o xefe da Área de Investimentos, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 03.12.2021 acordou:

*“Adxudicar a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-48.001.648) o procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445) por un importe máximo de 335.468,80 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*

*a) Propón unha redución dos prezos unitarios do contrato consignados no Anexo II ao PPTP de:*

- Vehículos de 1ª categoría: 400 euros.*
- Vehículos de 2ª categoría: 250 euros.*
- Vehículos de 3ª categoría (motocicletas ): 450 euros*
- Camións e cabezas tractoras: 1.000 euros.*
- Remolques ata 3.800 kg PMA: 200 euros.*

*b) Propón as seguintes melloras:*

- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 50%.*
- Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 100%.*
- Consideración de terceiro en caso de sinistro para os bens propiedade do Concello de Vigo (distintos de vehículos)*
- Incremento da suma asegurada por falecemento, invalidez permanente en relación ao mínimo indicado no PPTP para os condutores das motos en 20%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

II.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 29.12.2021, e o prazo do contrato será de dous anos, contado a partir do día 1 de xaneiro de 2022. Están previstas dúas prórrogas de un ano cada unha.

III.- Consecuencia do devandito acordo, e de cara a execución da anualidade 2023, no expediente está tramitado o documento contable AD nº 202300003270, alcanzando en fase D para a anualidade 2023 o importe total de 167.734,40 €.

IV.- En relación o réxime de pagos do contrato, o PCAP reitor do contrato establece o seguinte:

## CLÁUSULA 32.- RÉXIME DE PAGOS

1.- Para o abono da prima, o adxudicatario do contrato deberá presentar un único recibo, polo prezo total correspondente a suma de todas as pólizas individuais correspondentes á totalidade dos vehículos indicados no Anexo I do PPTP, así como calquera outro importe correspondente as obrigas complementarias deste contrato cando as mesmas teñan un carácter xeral. Dito recibo será presentado dentro do prazo do primeiro mes dende a formalización do contrato, debendo ter entregadas con anterioridade os certificados e pólizas dos seguros individuais para cada vehículo.

2.- O importe satisfacerase por cada anualidade do contrato ó comenzo da prestación do servizo. Previa a emisión da factura entregarase toda a documentación, condicións técnicas ou cláusulas do seguro, así como o número de póliza e a información necesaria sobre a tramitación dos accidentes ou lesións.

3.- Sen prexuízo do anterior, o final de cada anualidade se levarán a cabo as liquidacións pertinentes por mor das altas e baixas que se rexistren. A estes efectos, antes do 30 de novembro o adxudicatario deberá presentar recibo de regularización co detalle das altas de aplicación e baixas coas primas/extornos desagregados. Unha vez revisado pola corretoría do Concello de Vigo e coa conformidade do Responsable do contrato, realizarase por parte da compañía adxudicataria o abono/extorno do mesmo antes do 10 de decembro de cada anualidade do contrato.

## FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

I.- Respecto da execución do devandito contrato cabe indicar o seguinte:

- Durante o ano 2023, con cargo ao AD nº 202300003270 e ata o día de hoxe, tense executado derivado do consumo ata a devandita data un importe total de 102.150,00 euros, segundo o seguinte detalle:

<b>AD nº 202300003270</b>	
Fra. Expte 15601-445, de data 25-01-2023	
Periodo facturado 01/01/2023 a 01/01/2024	102.150,00 €
<b>TOTAL FACTURADO</b>	<b>102.150,00 €</b>

- De acordo co réxime de pagos previsto no PCAP reitor do contrato, antes do 30 de novembro deberase proceder á liquidación das baixas e altas acaecidas durante o ano, fundamentalmente dentro do procedemento de contratación de adquisición de vehículos lixeiros do ano 2023 (expdte. 15600-445).





## Concello de Vigo

- Como consecuencia do exposto, o técnico que subscribe informa que, tendo en conta que o importe máximo do contrato para a anualidade 2023 é de 167.734,40 €, e que de acordo coa previsión de incorporación de vehículos no período que resta do ano 2023, o gasto máximo previsto non será superior en ningún caso o importe de 127.734,40 €, ao menos 40.000 € do importe do orzamento destinado ao contrato para o ano 2023 non será executado no mesmo.

II.- A disposición adicional trixésima terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), aplicable ao presente contrato, “Contratos de subministracións e servizos en función das necesidades”, establece:

*Nos contratos de subministracións e de servizos que tramiten as Administracións Públicas e demais entidades do sector público con orzamento limitativo, nos cales o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens ou a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato defínase con exactitude ao tempo de celebrar leste, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, deberá aprobarse un orzamento máximo.*

*No caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, deberá tramitarse a correspondente modificación. A tales efectos, haberá de preverse na documentación que rexa a licitación a posibilidade de que poida modificarse o contrato como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.*

III.- Para o suposto proposto, o informe da IGAE de data 03/02/2016 que interpreta a DA 34ª do TRLCSP – de acordo co Informe 17/12 da JCCA-, de idéntica redacción que a correspondente á vixente DA 33ª da LCSP, indica o seguinte :

“(…)

*Se o que se advirte é o suposto inverso, isto é, unhas necesidades reais durante a vixencia do contrato inferiores ás previstas (por unha revisión á baixa das estimacións iniciais da Administración), sen que varíen os prezos unitarios nin o obxecto do contrato, o que procederá é unha modificación do expediente de gasto, sen que se considere unha modificación contractual, podendo nestes casos descontaer ou liberar o crédito comprometido con anterioridade á liquidación do contrato, previa tramitación da mencionada modificación do expediente de gasto.*  
“(…)”

A vista do exposto e tendo en conta a condición de execución do contrato en función das necesidades do servizo, e sendo estas as indicadas no informe de execución do contrato, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral, a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Reducir a anualidade do contrato para o ano 2023 en 40.000,00 € (CORENTA MIL EUROS) sobre o crédito dispoñible para a execución deste contrato no ano 2023, e proceder a liberación do importe minorado na mesma aplicación orzamentaria 9202.2240000.

**Segundo.-** Notificar á empresa adxudicataria SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-48.001.648), indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **24(728).-SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA. EXPTE. 11153/320.**

Visto o informe de fiscalización do 31/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 08/08/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 25/01/2023, Enrique Martínez Casal, con DNI 3606\*\*\*\*\*, en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO ARTESANAIS DE VIGO” (CIF: G36799351), achegou escrito (doc. 230023087) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo para difusión da cultura mariñeira.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, D. Enrique Martínez Casal, o representante da entidade para a sinatura do convenio.

III. A entidade, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria:



## Concello de Vigo

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/06/2023
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 06/06/2023
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/06/2023
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 14/04/2023

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Mantemento embarcacións	4.000,00 €
Mantemento pantaláns	6.500,00 €
Autorización administrativas/impostos	3.500,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.000,00 €
Formación e participación, encontros tradicionais	1.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.000,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Fondos propios detraídos das cuotas socios	1.000,00 €
Subvención Convenio Concello de Vigo	16.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.000,00 €</b>

8. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 490/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, cunha dotación orzamentaria de 16.000,00 €.

VI. Con data 14/04/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo, expídese certificación de data 14/04/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### ***I. OBXECTO***

O presente expediente ten por obxecto a tramitación dunha subvención prevista nominativamente nos vixentes orzamentos municipais á “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”, que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para a conservación e difusión da cultura mariñeira e mantemento das embarcacións municipais.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”.

Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na bretaña francesa.*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolucións da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no seu apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio D. Enrique Martínez Casal, con DNI 3606\*\*\*\*\*, en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS DE VIGO” (CIF: G36799351), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11153/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### **IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa



## Concello de Vigo

reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Co obxecto de garantir e promover, sen ánimo de lucro, a conservación da cultura mariñeira tradicional (artigo 6º dos Estatutos), a entidade desenvolve actividades de recuperación e construción de réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao seu mantemento, acondicionamento e amarre para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, e áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 9240 4890013 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral xa que os gastos subvencionables obxecto da axuda que se pretende conceder á Asociación Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, son de carácter corrente para mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, etc.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Incorpóranse no pacto primeiro e no pacto segundo, apartados 2 e 3, respectivamente, as modificacións solicitadas PRIMEIRA, SEGUNDA E CUARTA plantexadas pola entidade (COD. SOLICITUDE: W518407-5382) dacordo cos informes obrantes no expediente núm. 20704/240.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

## **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**





## Concello de Vigo

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **31 de outubro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

## **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.- APROBAR** o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, con CIF: G36799351 coa finalidade de promover, conservar e difundir a cultura mariñeira, e conservar e manter as embarcacións tradicionais propias e municipais (traíñeira, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións,



## Concello de Vigo

durante o ano 2023. **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 16.000€ (dezaseis mil euros).

**SEGUNDO.- AUTORIZAR e DISPOR** o gasto de **16.000,00 €**, con cargo á partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.

**TERCEIRO.-** É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS” PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA**

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, don Enrique Martínez Casal, con DNI 3606\*\*\*\*\* en calidade de presidente da “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, CIF nº G36799351 e enderezo social no Travesía Portuaria de Bouzas, 5 Nave na representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expediente 11153/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio,

## MANIFESTAN

I.- Que a entidade "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen*

*directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na bretaña francesa.*

Que, dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2023 sobre a difusión da cultura mariñeira están, entre outras, as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.

II.- Que dende o Concello de Vigo estase a difundir esta cultura mariñeira dende hai moitos anos. O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

- "Vigo 05" Traiñeira de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
- "Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- "Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
- "Illa de Toralla" Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Reparación e carenado das embarcacións tradicionais.
- Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio-setembro).
- Participación en encontros de embarcacións tradicionais (A Guarda, Moaña, Bueu, escenificacións da Batalla de Rande...)



## Concello de Vigo

- Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais en modalidade libre
- Concurso de pesca infantil
- Concerto de Canción Mariñeira
- Navegacións da flota tradicional co alumnado das entidades sociais da cidade.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíñeira, bote polbeiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

**V.-** Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

**VI.-** De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a Asociación de Mariñeiros Artesanais de

Bouzas atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 490/96.

**VII.-** Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890013, denominada, "Convenio Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 16.000 €.

**VIII.-** Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2022 ata o 30/09/2023, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Mantemento embarcacións	4.000,00 €
Mantemento pantaláns	6.500,00 €
Autorización administrativas/impuestos	3.500,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	2.000,00 €
Formación e participación, encontros tradicionais	1.000,00 €

<b>TOTAL</b>	<b>17.000,00 €</b>
--------------	--------------------

**IX.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como, do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíñeira, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) e á realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das

embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....

2. Coidar e administrar calquera tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promovendo as mesmas non só en terra senón tamén no seu manexo no mar.

3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.

4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promover non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senón tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.

5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promover coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin (Traíñeira "Vigo 05", Bote Polbeiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna "Tope").

6. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria



## Concello de Vigo

económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

11. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñecemento da cultura mariñeira, tanto nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, coma a todo o público en xeral.

2. Ceder o dereito de uso das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíñeira, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades de difusión da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.

3. Autorizar á Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas para que poidan realizar as actuacións contempladas no apartado 3 do pacto Primeiro.

4. Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida 9240 4890013 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais" do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concurrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Participación Cidadá e Distritos dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderán requirir unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Participación Cidadá e Distritos.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.





## Concello de Vigo

**Oitavo.-** En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Noveno.-** A beneficiaria ten como prazo máximo ata o **31 de outubro de 2023**, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Unha memoria final do programa de actividades, asinada electronicamente, obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c) A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

d) Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electrónicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

e) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando de inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o de pagamento

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes



## Concello de Vigo

resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 5016 04 3040017025.

**Décimo segundo.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Décimo terceiro-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada no período comprendido entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023.

**Décimo cuarto.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá dependente da Concellería de Participación Cidadá e Distritos. A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo sexto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sétimo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

**Décimo oitavo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

**25(729).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS**

## **DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE . 11195/320.**

Visto o informe de fiscalización do 23/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 01/08/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 24/04/2023, Dona María Leonor Ruíz Bello (DNI: \*\*\*2441\*\*), en calidade de presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G-36622835, achegou o escrito doc.: 230113273, que xunto coas achegas posteriores de data 11/05/2023 doc. 230132936, data 29/05/2023 doc 230150681, doc 230150650, data 31/05/2023 doc 230153207, doc 230153219, doc 230153637 e doc 230153611, data 06/06/2023 doc 230158203, data 20/07/2023 doc. 230219200 e doc 230219206 e data 28/07/2023 doc 230223251, solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de financiamento dos gastos derivados da contratación dun intérprete de lingua de signos durante o período comprendido entre o xullo e setembro de 2023.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona María Leonor Ruíz Bello, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/06/2023.
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 06/06/2023.
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 06/06/2023.
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 02/06/2023.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1.Solicitud convenio de colaboración (anexo I).

2.Datos do representante legal (anexo II).

3.Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

3.Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).



## Concello de Vigo

4. Consulta de verificación de datos (anexo V).
5. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
6. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>CUSTE SALARIAL 2023 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL</b>	
Coste ISLE 3 Meses/ 35 horas semanais	
Salario Bruto 1.130,77 € + SS Empresa 362,41	4.479,54 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>4.479,54 €</b>

<b>INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
Convenio de interprete de lingua de signos	4.479,54 €
Aportación da Asociación de Personas Sordas de Vigo	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.479,54 €</b>

7. Contrato de traballo.
8. Rexistro do contrato de traballo no SEPE.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a  
"Asociación de Personas Sordas de Vigo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo resolución de Alcaldía de data 28/12/92.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 “Convenio Asociación Persoas Sordas de Vigo”, cunha dotación de 7.000,00 €.

VI. En data 01/06/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 02/06/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de xullo a setembro de 2023, que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación Personas Sordas de Vigo”.

Que a entidade “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
2. Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
3. Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
4. Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
5. Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
6. Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
7. Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.





## Concello de Vigo

8. Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
9. Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
10. Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolucións da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no seu apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Leonor Ruíz Bello (DNI: \*\*\*2441\*\*), en calidade de Presidenta da “Asociación Personas Sordas de Vigo” (CIF.- G-36622835), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11195/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas

competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre xullo e setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 "Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo", cunha dotación orzamentaria de 7.000,00 €.



## Concello de Vigo

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Asociación *Personas Sordas de Vigo*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados

insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de

xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en

ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referenciados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/07/2023 e o 30/09/2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar dixitalmente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



## **Concello de Vigo**

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 4.479,54 € (catro mil catro centos setenta e nove euros con cincuenta e catro céntimos), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada “*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación Personas Sordas de Vigo*” (CIF.- G36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de xullo a setembro de 2023 e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada “*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2023 dotada con 7.000 € (sete mil euros).

**TERCEIRO.-** É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS



## Concello de Vigo

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dona María Leonor Ruíz Bello (DNI: \*\*\*2441\*\*), en calidade de presidenta da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G-36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 11195/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo có número 266/92.

III.- Que a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

11. Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
12. Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
13. Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.

14. Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
15. Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
16. Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
17. Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
18. Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
19. Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
20. Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse ao respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos.

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado polo Pleno Xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 “*Convenio Asociación de Xordos*”, a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 € a favor da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, as





## Concello de Vigo

partes intervinientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional

intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de xullo a setembro de 2023, tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Participación Cidadá, e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

<b>CUSTE SALARIAL 2023 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL</b>	
Coste ISLE 3 Meses /35 horas semanais	
Salario Bruto 1.130,77 € + SS Empresa 362,41	4.479,54 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>4.479,54 €</b>

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

1. Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de xullo a setembro de 2023, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.
2. A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.
3. Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas

neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dixitalizadas, asinadas dixitalmente, dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.

4. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.

5. Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”. Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.

6. Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.

7. O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de 35 horas semanais, organizándoas dende a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conforme a planificación presentada.

8. O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

9. O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.

10. O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2023, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de xullo a setembro de 2023 e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 4.479,54 €.

11. Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.

12. Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula décima do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento



## Concello de Vigo

da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.

13. Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación Cidadá, que se trata dun servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

14. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

15. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

16. En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

17. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

2. Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008, denominada “Convenio Asociación Xordos”, dotada cun importe de 4.479,54 €, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de xullo a setembro de 2023.

3. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

4. Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación da acción conveniada.

5. Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

**Terceiro.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “Asociación de Personas Sordas de Vigo” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

**Cuarto.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Quinto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula décima deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa "Asociación de Personas Sordas de Vigo".

**Sexto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2023.



## Concello de Vigo

**Noveno.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Décimo.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola “Asociación de Personas Sordas de Vigo” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente memoria xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse dixitalmente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Solicitud de abono da subvención asinada dixitalmente.
- Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas dixitalmente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de prestación do servizo.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada dixitalmente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados no proxecto



## Concello de Vigo

- as retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada dixitalmente do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente

retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora

correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Fotocopia do contrato de traballo.

i) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

**Décimo primeiro.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES05 1491 0001 2921 88400424 (TRIODOS BANK).

**Décimo segundo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo terceiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2023 no período comprendido entre o xullo e setembro de 2023.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

**Décimo cuarto.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo sexto.-** Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.





## Concello de Vigo

**Décimo sétimo.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, , Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo oitavo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;

os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo primeiro.-** O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

## **26(730).- BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ 2023. EXPTE. 11239/320.**

Visto o informe de fiscalización do 23/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 26/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

Con data 14 de xullo de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Distritos, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciase a tramitación de expediente de "Bases reguladoras das subvencións para contribuir ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2023".

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

### **1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA**

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de



## Concello de Vigo

maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

### 3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### 4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000 denominada “Subvencións a entidades cidadás”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2022 e o 15 de outubro de 2023**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **30.000,00 euros.**

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **15.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

O importe máximo subvencionable será de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional, de **5.000 €** para os de ámbito autonómico e de **3.000 €** para o ámbito municipal, para cada unha das entidades beneficiarias.

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **55.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

## **5. CONDICIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, a concellería de Participación Cidadá e Distritos convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:

· **Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares** por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) **Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico**, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer



## Concello de Vigo

- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións)**, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III: subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

## **6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA**

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

## **7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **8. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 11ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 5 meses), e a notificación electrónica. Por último, as beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á subvención concedida, no prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da concesión da axuda, podendo ser a renuncia, total ou individual, por Programas, e a mesma será aceptada de plano pola administración, que declarará concluso o procedemento.

## **9. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **10. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano



## Concello de Vigo

que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro k), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.- APROBAR** a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das **“Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2023”** de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, e por unha contía total de **100.000,00 euros (cen mil euros)**.

**SEGUNDO.- APROBAR**, como **modelos oficiais**, os 11 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitud
2. Anexo II: Solicitud-Programa de actividades para o ano 2023
3. Anexo III: Solicitud-Orzamento
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartelería
8. Anexo VIII: Solicitud de aboamento
9. Anexo IX: Memoria dos proxectos subvencionados
10. Anexo X: Renuncia
11. Anexo XI: Declaración responsable de non dedución do IVE

**TERCEIRO.- PUBLICAR**, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das “*Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2023*” en:

- a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).
- b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)).

**CUARTO.- AUTORIZAR** o gasto, por importe de **100.000,00 euros (cen-mil euros)**, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos **Programas I** (“Gastos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares”) , **Programa II** (“Gastos de organización de xogos populares”) e **Programa III** (Gastos para o deseño e impresión de publicacións) das “*Subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2023*”.

**QUINTO.- RECURSOS:** contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditalar e notificar a resolución.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

A Concellaría de Participación Cidadá e Distritos, coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:

·**Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais, por mor da**





## Concello de Vigo

organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico,** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións),** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III: subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

## **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

a) Esta convocatoria de subvencións, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Contribuír a difusión e accesibilidade da información entre asociacións sen ánimo de lucro e a facer partícipe aos seus respectivos públicos obxectivos de información relevante e de interese.
- Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Contribuír a que a información que reciben os interesados sexa unha información de calidade e colaborar e facilitar as accións encamiñadas á distribución da información nos diferentes soportes.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de



## Concello de Vigo

actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior.
9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:
  - a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade **para o Programa I e II**, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
  - b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco **para o Programa I e II**.
10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exixido no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo

que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 16 de outubro de 2022 ata o 15 de outubro de 2023**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuítos e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestuario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000 denominada “Subvencións a entidades cidadás”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2022 e o 15 de outubro de 2023**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **30.000,00 euros**.



## Concello de Vigo

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **15.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

O importe máximo subvencionable será de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional, de **5.000 €** para os de ámbito autonómico e de **3.000 €** para o ámbito municipal, para cada unha das entidades beneficiarias.

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **55.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

### QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCiónS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá e Distritos, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa a favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

## **SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES**

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:
  - Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
  - Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
  - Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
  - Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
  - Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
  - Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base novena (“Solicitud e Documentación”).
- 2.- Con carácter xeral:
  - En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
  - Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
  - Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.
  - Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

## **SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

As entidades beneficiarias das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Colaborar co Concello de Vigo, na difusión, entre os participantes e asistentes ao evento, da información de interese municipal que se lle facilite con antelación á celebración das actividades.
4. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de servizo no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.



## Concello de Vigo

5. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades ou nas publicacións obxecto de subvención, deberá figurar de forma visible, cartel informativo ou imaxe institucional do Concello de Vigo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2023 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento da/s actividade/s da asociación obxecto de subvención.
6. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
7. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
8. Contar coas preceptivas autorizacións ou licenzas sectoriais que sexan esixibles de acordo coa lexislación vixente (seguridade, comercio, urbanismo, etc.)
9. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
10. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
11. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
12. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
13. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
14. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
15. Contratar a/s póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco **para o Programa I e II.**
16. Cumprir coas disposicións establecidas no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

### OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

## **NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os/as solicitantes deberán remitir necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria asinados electronicamente **polo representante legal da entidade**.

### **ANEXO I. SOLICITUDE**

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos

3. Datos bancarios

4. Custe do proxecto presentado e importe da subvención solicitada

5. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións

6. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal (*conforme aos modelos do Anexo VII de cartelería*)

7. Sinatura dixital do/a representante legal da entidade

**ANEXO II. PROGRAMA DA/S ACTIVIDADES**, que serven de fundamento para a concesión da subvención:

- relación de actividades (número e denominación)
- categoría (social, cultural, lecer...)
- Traxectoria ou antigüidade do/s evento/s
- data/s de celebración e duración
- lingua empregada no desenvolvemento da actividade

### **ANEXO III. ORZAMENTO DOS GASTOS SUBVENCIONABLES**

### **ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS**





## Concello de Vigo

### **ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS**

### **ANEXO VI: AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.**

Esta autorización expresa para consultar as certificacións de non ter débedas tributarias e coa Seguridade Social, deberá presentarse asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

O servizo convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráse desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

### **DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

#### **Criterios de avaliación das solicitudes**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adelante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) **Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:**

**Programa I: Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais,**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores::	8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos

1 actividade:	2 punto
2 actividades:	1 puntos
3 actividades:	0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos



## Concello de Vigo

### Programa II: Gastos de organización de xogos populares

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
  - Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):
    - Nunha 1 edición anterior: 2 puntos
    - En 2 edicións anteriores: 4 puntos
    - En 3 edicións anteriores: 6 puntos
    - En 4 ou mais edicións anteriores: 8 puntos
  - Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):
    - Máis de 40 edicións: 1 punto
    - Máis de 45 edicións: 2 puntos
    - Máis de 50 edicións: 3 puntos
    - Máis de 55 edicións: 4 puntos
    - Máis de 60 edicións: 5 puntos
- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):
  - 1 día: 2 puntos
  - 2 días : 4 puntos
  - 3 días : 6 puntos
  - 4 ou mais días: 8 puntos
- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:
  - Máis de 5 entidades: 5 puntos
  - Máis de 10 entidades: 10 puntos
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):
  - Si: 2 puntos
  - Non: 0 puntos

### Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
  - Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):
    - Nova publicación: 8 puntos
    - Nunha edición anterior: 6 puntos
    - En 2 edicións anteriores: 4 puntos
    - En 3 ou mais edicións anteriores: 2 puntos
  - Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Mais de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):

Si:	5 puntos
Non:	0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) **Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto.**- Ata 5 puntos

De 1 € a 2.000 €:	1 punto
De 2.001 a 3.000 €:	2 puntos
De 3.001 a 4.000 €:	3 puntos
De 4.001 a 5.000 €:	4 puntos
De 5.001 en diante:	5 puntos



## Concello de Vigo

### DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao departamento municipal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da

subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **5 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo X**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Cellería de Participación Cidadá e Distritos no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.



## Concello de Vigo

11.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

### DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

### DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 31 de outubro de 2023.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

**Os/as solicitantes deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.**

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.**

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no **Anexo VIII**, no que se inclúen os seguintes datos:

- **Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que “responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal”**
- **Relación clasificada dos gastos subvencionados:** xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**
  - os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou

razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tickets de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

**Deberá presentarse electrónicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada**, segundo o Anexo VIII, que será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada e presentarse como documento adxunto o Anexo IX: “Memoria de actividades 2023”.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

#### **1. Anexo VIII. “Solicitude de aboamento”**

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.

3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

4. **Declaración responsable** (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións).





## Concello de Vigo

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación do **Anexo XI: “Declaración responsable de non dedución do IVE”**, así mesmo, na columna de **“Importe Total”, do actual Anexo VIII**, cumprimentarse co importe total das facturas ou a porcentaxe que se impute a esta subvención, salvo que, o IVE sexa susceptible de recuperación ou compensación, en cuxo caso, tan so se fará constar o importe da base impoñible dos xustificantes de gastos (facturas).

### **5. Documentación complementaria asinada electronicamente polo representante legal da entidade:**

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 4*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **copia dixitalizada da resolución de concesión** das mesmas.

#### **Documentación complementaria no Programa I**

- Indicar no Programa I o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas der Galicia.

- Copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco e xustificante de pago.

#### **Documentación complementaria no Programa II**

- No suposto de **gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares**, debe presentarse a mesma documentación do Programa I:

- O número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas der Galicia.

- Copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco e xustificante de pago.

#### **Documentación complementaria no Programa III**

- Para xustificar o cumprimento da subvención outorgada, a entidade debe presentar un arquivo coa publicación subvencionada en formato dixital que non exceda de 5 MB.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao ámbito xeográfico da difusión dos libros sobre a Historia das distintas parroquias (*distrito/parroquial, municipal, autonómico, nacional ou internacional*), a entidade terá que presentar un certificado, expedido polo/a secretario/a da entidade, onde se xustifique o ámbito de distribución de dita publicación.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao “deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria”, a entidade terá que presentar, dixitalizado, o exemplar máis antigo publicado.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao “número de exemplares editados ou impresos” a entidade terá que presentar a factura correspondente onde conste de forma detalla dito número, ou ben, presentar unha certificación da imprenta responsable da publicación

6. **Relación clasificada dos gastos subvencionados:** na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, **identificando o correspondente xustificante bancario**, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

## 7. Sinatura dixital do/a representante da entidade

2. **Anexo IX “Memoria do proxecto subvencionado”**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentou a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1. Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionado, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado

- Denominación da actividade
- Datas e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Calquera outra documentación complementaria
- Reportaxe fotográfica dos eventos celebrados e publicacións editadas con posterioridade a data da convocatoria de estas bases, na que se acredite a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo VII (“Publicidade corporativa- cartelería”)** desta convocatoria. Así mesmo, de contar con páxina web\* a entidade solicitante, ata a finalización do ano 2023, publicitará que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos eventos.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

## DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os



## Concello de Vigo

cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 15 de novembro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudo da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

### **DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

### **DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

### **DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento

- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

## **DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



## Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

## **CONVOCATORIA SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS**

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral., realizadas ou pendentes de levar entre o **16 de outubro de 2022 ata o 15 de outubro de 2023**.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (**entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente**), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.



## Concello de Vigo

7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior (").
9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:
  - a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade para o Programa I e II, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
  - b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco para o Programa I e II
10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exixido no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 16 de outubro de 2022 ata o 15 de outubro de 2023**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestuario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### **CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000 denominada “Subvencións a entidades cidadás”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2022 e o 15 de outubro de 2023**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **30.000,00 euros**.

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **15.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

O importe máximo subvencionable será de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional, de **5.000 €** para os de ámbito autonómico e de **3.000 €** para o ámbito municipal, para cada unha das entidades beneficiarias.

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **55.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

#### **QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCÍONS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.





## Concello de Vigo

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá e Distritos, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa a favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

### **SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

### **SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de

valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) **Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:**

**Programa I: Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores::	8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos

1 actividade:	2 punto
2 actividades:	1 puntos
3 actividades:	0 puntos



## Concello de Vigo

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

### Programa II: Gastos de organización de xogos populares

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
  - Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nunha 1 edición anterior: 2 puntos

En 2 edicións anteriores: 4 puntos

En 3 edicións anteriores: 6 puntos

En 4 ou mais edicións anteriores: 8 puntos

- Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):

Máis de 40 edicións: 1 punto

Máis de 45 edicións: 2 puntos

Máis de 50 edicións: 3 puntos

Máis de 55 edicións: 4 puntos

Máis de 60 edicións: 5 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día: 2 puntos

2 días : 4 puntos

3 días : 6 puntos

4 ou mais días: 8 puntos

- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:

Máis de 5 entidades: 5 puntos

Máis de 10 entidades: 10 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

### Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
  - Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nova publicación: 8 puntos

Nunha edición anterior: 6 puntos

En 2 edicións anteriores: 4 puntos

En 3 ou mais edicións anteriores: 2 puntos

- Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Mais de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):

Si:	5 puntos
Non:	0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) **Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto.-** Ata 5 puntos

De 1 € a 2.000 €:	1 punto
De 2.001 a 3.000 €:	2 puntos
De 3.001 a 4.000 €:	3 puntos
De 4.001 a 5.000 €:	4 puntos



## Concello de Vigo

De 5.001 en diante: 5 puntos

### **OITAVA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao departamento municipal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha

relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **5 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo X**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Cellería de Participación Cidadá e Distritos no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.



## Concello de Vigo

11.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas

### **NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 31 de outubro de 2023.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

**Os/as solicitantes deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.**

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).** Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.

### **DÉCIMA.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

## **DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

**Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de --/--/2023, polo que se convocan as SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

## **PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS**





## Concello de Vigo

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (**entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente**), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### SEGUNDO.- OBXECTO

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **16 de outubro de 2022 ata o 15 de outubro de 2023**.

Para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais, con esta convocatoria se pretenden fomentar as seguintes:

- **Programa I:** Gastos correntes derivados de **servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.
- **Programa II:** Gastos correntes derivados da **organización de xogos populares**: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (*cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...*), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.
- **Programa III:** gastos de **deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais**; e gastos de **impresión e distribución de publicacións**.

### TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

### CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **100.000,00 euros (cen mil euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **30.000,00 euros**.

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **15.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **55.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

#### **QUINTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

#### **27(731).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 11228/320.**

Visto o informe de fiscalización do 22/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 01/08/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 27/01/2023, Dona Ana María Gil Lodeiro (DNI: 3598\*\*\*\* ), en calidade de presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”” (CIF: G36821817), achegou escrito (doc. 230026043), que xunto coas achegas posteriores de datas, 12/06/2023 (doc. 230163902), 13/06/2023 (doc.230165098) e



## Concello de Vigo

04/07/2023 (doc.230202096 e doc.230202132) solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2023, entre 1/10/2022 ata o 30/09/2023, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 04/07/2023.
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 04/07/2023.
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/07/2023.
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 14/07/2023.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (1/10/2022-30/09/2023)</b>	
Aluguer local	16.126,56 €
Subministrados (auga, saneamento e luz)	1.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.126,56 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (1/10/2022-30/09/2023)</b>	
Cotas socios	4.126,56 €
Subvención Concello de Vigo	13.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.126,56 €</b>

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo resolución de data 16/05/1997.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

VI. En data 05/06/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 14/07/2023 da Tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" (G36821817), que se instrumentaliza a través



## Concello de Vigo

dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2022 ata setembro de 2023.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO".

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolucións da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no seu apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Ana María Gil Lodeiro, con DNI 3598\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO" (CIF: G36821817), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11228/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.



## Concello de Vigo

### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

#### **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.





## Concello de Vigo

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1/10/2022 e o 30/09/2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 13.000,00 € (trece mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890006 denominada "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" (CIF.- G36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de



## Concello de Vigo

2022 e setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 13.000,00 € (trece mil euros).

**TERCEIRO.-** *É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).*

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Ana Gil Lodeiro, con DNI 3598\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo " (CIF: G36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11228/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades

máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo”, de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.



## Concello de Vigo

- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”* leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2022 e 2023, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 1/10/2022 ata o 30/09/2023, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Aluguer local	16.126,56 €
Subministros (auga, saneamento, telefonía e luz)	1.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.126,56 €</b>

IX.- Que a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da

subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:



## Concello de Vigo

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” unha subvención por importe de 13.000€ (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 1/10/2022 e o 30/09/2023, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse

no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 1/10/2022 ata o 30/09/2023.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención





## Concello de Vigo

otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos

incurridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

b) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

c) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención



## Concello de Vigo

- cando se xustificuen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

e) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

f) Declaración responsable asinada electrónicamente, do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

g) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

**Décimo segundo-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 1/10/2022 e o 30/09/2023.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos



## Concello de Vigo

Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

**28(732).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á “ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD ” PARA AXUDAR AO**

## **FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL. EXPTE . 11229/320.**

Visto o informe de fiscalización do 23/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 01/06/2023, Don Iván Suárez Fernández (DNI: 5317\*\*\*\*), en calidade de presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), achegou escritos documentos nº 230154297 e nº 230154303, que xunto coas achegas posteriores de data 06/06/2023 doc. 230158284 e 13/06/2023 doc nº 230165240, solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2023, entre os meses de outubro de 2022 a setembro 2023, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Iván Suárez Fernández, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 14/06/2023
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14/06/2023
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 14/06/2023
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 13/06/2023

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).



## Concello de Vigo

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2022 a setembro 2023)</b>	
Aluguer local	3.600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.600,00 €</b>

<b>INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2022 a setembro 2023)</b>	
Subvención Concello	3.600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.600,00 €</b>

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1216/14, segundo resolución da Alcaldía de data 16/05/2014.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 "Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", cunha dotación de 3.600,00 €.

VI. En data 13/06/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 13/06/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD (G36801876), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2022 ata setembro de 2023.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”.

Segundo recolle o art. 10 dos Estatutos da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía vigeusa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenvolver proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión ou partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.





## Concello de Vigo

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023,*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio Don Iván Suárez Fernández, con DNI 5317\*\*\*\*, en calidade de Presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), con domicilio social na Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11229/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do

sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 "*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*", cunha dotación orzamentaria de 3.600,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



## Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

### **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/22 e o 30/09/23, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**



## Concello de Vigo

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.- AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 3.600,00 € (tres mil seiscentos euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800003 denominada "*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad* ", incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" (CIF: G36801876), cuxo

obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2022 e setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros).

**TERCEIRO.-** E competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Iván Suárez Fernández, con DNI 5317\*\*\*\*\*, en calidade de Presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), con domicilio social Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta dos datos incorporados ao expte. 11229/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.



## Concello de Vigo

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar asociacións destinadas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, atendendo as súas consultas e canalizar as súas inquietudes mediante asesoramento e información para constituír unha empresa, orientación, oferta..., en definitiva, representar e defender os intereses dos empresarios de Vigo e Mancomunidade.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e Democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos mozos e mozas emprendedores e empresarios vigueses.

IV.- Que a entidade "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*", de conformidade co art. 10 dos Estatutos, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.

- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenvolver proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1216/14 no epígrafe 5.2.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” leve a cabo os proxectos e actividades planificadas para o 2023, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” nominativa a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 3.600,00 €.

VIII.- As actividades programadas pola “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” para o 2023, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, o son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Vitaminas formativas
2. Aula de emprendedores
3. Desayunos de Ideas

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, entre os meses de outubro 2022 a setembro de 2023, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2022 a setembro 2023)</b>
--





## Concello de Vigo

Aluguer local	3.600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.600,00 €</b>

X.- Que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, ... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito de apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscentos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2022 a setembro de 2023, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A



## Concello de Vigo

comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos

políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa *Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2022 ata o 30/09/2023.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o

emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo , mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto



## Concello de Vigo

dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.**- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA).

**Décimo primeiro.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

**Décimo segundo.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 1/10/2022 e o 30/09/2023.

**Décimo terceiro.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá



## Concello de Vigo

informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto** - A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto**.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto**.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo**.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.-** O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

### **29(733).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á “ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENIMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL. EXPTE .11250/320.**

Visto o informe de fiscalización do 22/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 27/06/2023, Dona Ana María Argibay Villaverde (DNI: 3602\*\*\*\*), en calidade de presidenta da “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” (CIF: G36820637), achegou escrito (doc. Nº230179318) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2023, entre os meses de outubro de 2022 a setembro 2023, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Argibay Villaverde, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:





## Concello de Vigo

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 04/07/2023
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 04/07/2023
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/07/2023
- Certificado do Concello de Vigo, de data 14/07/2023.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Aluguer Local	3.630,00 €
Xestoria	1.452,00 €
Suministro Auga	200,00 €
Suministro Electricidade	200,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.482,00 €</b>

<b>INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2022 a setembro 2023)</b>	
Convenio Concello	5.000,00 €
Cuotas Socios	482,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.482,00 €</b>

8. Contrato de aluguer.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 515/97, segundo decreto de Alcaldía de data 08/04/97.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 “*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 14/07/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 14/07/2023 da Tesourería Municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### ***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO” (G-36820637), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2022 ata setembro de 2023.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”.



## Concello de Vigo

A entidade “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✓ Festivais benéficos
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023,*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Argibay Villaverde, con DNI 3602\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 10704/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**



## Concello de Vigo

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 “*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.



## Concello de Vigo

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa

(LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO: AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800001 denominada "*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a

"*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" (CIF.- G36820637), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2022 e setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00€ (cinco mil euros).

**TERCEIRO.-** *É competente para a sinatura do convenio* o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.





## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE O 1 DE OUTUBRO DE 2022 ATA 30 DE SETEMBRO DE 2023**

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Ana María Argibay Villaverde, con DNI 3602\*\*\*\*\*, en calidade de presidenta da "Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo" (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11250/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, humanitarias veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da

sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no

desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio humanitario e benéfico, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficos, educativos, formativos..., sendo a "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✓ Festivais benéficos
- ✓ Religiosos: misas rocieras, novenas, excursións ao Rocío...

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/04/97, a "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 515/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2023, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo realizados entre os meses de outubro de 2022 a setembro de 2023 necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado polo Pleno Xeral en sesión extraordinaria do 23/12/2022, a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada "*Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo*", nominativa a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de aluguer e mantemento da asociación necesarios para o



## Concello de Vigo

desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2023, cuxa contía total segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Aluguer local	3.630,00 €
Xestoria	1.452,00 €
Suministro Auga	200,00 €
Suministro Electricidade	200,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.482,00 €</b>

VIII.- Que a entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.**- A entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” unha subvención por importe de **5.000,00 €** (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada “Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo”, do vixente orzamento municipal (2023), co obxecto de colaborar có financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, situado na Rúa Colombia, 17 - baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



## Concello de Vigo

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” da obriga de constitución de garantías, dado o

carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1/10/2022 ata o 30/09/2023.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención, asinada electrónicamente.



## Concello de Vigo

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)

- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.





## Concello de Vigo

- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 0531 10 3040008569 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá ao reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



## Concello de Vigo

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

### **30(734).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á “ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA-GALICIA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 11230/320.**

Visto o informe de fiscalización do 18/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 21/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 01/06/2023, Dona Carmen García Garrido (DNI: 3600\*\*\*\*\*) , en calidade de presidenta da “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” (CIF: G36745065), achegou escritos (doc. 230154480 e doc. 230154533), que xunto coas achegas posteriores de data 06/06/2023 doc. 230158427, solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2023, entre 01/10/2022 ata o 30/09/2023, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Carmen García Garrido, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38<sup>a</sup>.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 14/06/2023
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14/06/2023
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 14/06/2023
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 14/06/2023

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTENIMENTO E ALUGUER (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Aluguer local Ramón Nieto 77 e Comunidade de Propietarios	5.700,00 €
Primas Seguro	100,00 €
Gastos de Asesoría	450,00 €
Subministros (luz , auga , teléfono, etc...)	300,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.550,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Aportacións socios	2.550,00 €
Subvención Concello de Vigo	4.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.550,00 €</b>

8. Anexo consulta / verificación de datos por parte do Concello.
9. Contrato de aluguer.
10. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización



## Concello de Vigo

- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) có nº 469/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890014 "*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.

VI. En data 14/06/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 14/06/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*" (G36745065), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2022 ata setembro de 2023.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*".

Que a entidade "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", de conformidade có art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A análise, debate e difusión das cuestións que afectan as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, así como a defensa dos seus dereitos.
- ✓ Promoción, realización e impulso de actividades culturais, artísticas, recreativas, deportivas, asistenciais, socio-comunitarias, lúdicas, de lecer e ocupación do tempo libre.
- ✓ Asesoramento, orientación e formación das persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.
- ✓ Fomento do asociacionismo e das relacións interxeneracionais, mediante o contacto directo con outros colectivos e realización de actividades en común.
- ✓ Promover e desenrolar programas de voluntariado social.
  
- ✓ Promover e desenrolar servizos sociais, asistenciais, socio-culturais, artísticos, deportivos, de prevención e rehabilitación para unha vida saudable e unha mellor calidade de vida dos asociados/as.
- ✓ Fomento dos proxectos de cooperación internacional o desenrolo.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar proxectos relacionados coa posta en marcha de residencias, centros de día, pisos e vivendas tuteladas, atención a respiro familiar, etc.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar servizos de teleasistencia, de atención socio-sanitaria e formación de cuidadores/as.
- ✓ Promover e desenrolar proxectos de investigación relacionados coa problemática das persoas maiores, xubilados, e pensionistas.
- ✓ Promover e desenrolar actividades de preparación a xubilación.
- ✓ Promover a incorporación da asociación os foros e organizacións públicas ou privadas nos eidos local, provincial, autonómico, inter-autonómico, nacional e internacional.
- ✓ Colaborar coa Administración Pública e institucións privadas no desenrolo de actividades, programas, proxectos e iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas maiores.
- ✓ Calquera outros que acheguen beneficios para o colectivo de persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.



**Concello de Vigo**

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Carmen García Garrido, con DNI 3600\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” (CIF: G36745065), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11230/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

e

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4890014 "*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*" cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.





## Concello de Vigo

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



## Concello de Vigo

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 4.000,00 € (catro mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890014 denominada “*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*” (CIF.- G36745065), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2022 e setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.000,00 € (catro mil euros).

**TERCEIRO.-** E competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA-GALICIA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2023

## **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Carmen García Garrido, con DNI 3600\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da “*Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*” (CIF: G36745065), con domicilio social na Rúa Colón, 7 – 2º Oficina 5, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11230/320.



## Concello de Vigo

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles

ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a mellora da calidade de vida das persoas maiores do termo municipal, sendo a *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* unha das máis importantes asociacións de xubilados/as e pensionistas de Vigo.

III.- Que a entidade "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", de conformidade có art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A análise, debate e difusión das cuestións que afectan as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, así como a defensa dos seus dereitos.
- ✓ Promoción, realización e impulso de actividades culturais, artísticas, recreativas, deportivas, asistenciais, socio-comunitarias, lúdicas, de lecer e ocupación do tempo libre.
- ✓ Asesoramento, orientación e formación das persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.
- ✓ Fomento do asociacionismo e das relacións interxeneracionais, mediante o contacto directo con outros colectivos e realización de actividades en común.

- ✓ Promover e desenvolver programas de voluntariado social.
- ✓ Promover e desenvolver servizos sociais, asistenciais, socio-culturais, artísticos, deportivos, de prevención e rehabilitación para unha vida saudable e unha mellor calidade de vida dos asociados/as.
- ✓ Fomento dos proxectos de cooperación internacional o desenvolvemento.
- ✓ Promover, xestionar e desenvolver proxectos relacionados coa posta en marcha de residencias, centros de día, pisos e vivendas tuteladas, atención a respiro familiar, etc.
- ✓ Promover, xestionar e desenvolver servizos de teleasistencia, de atención socio-sanitaria e formación de cuidadores/as.
- ✓ Promover e desenvolver proxectos de investigación relacionados coa problemática das persoas maiores, xubilados, e pensionistas.
- ✓ Promover e desenvolver actividades de preparación a xubilación.
- ✓ Promover a incorporación da asociación os foros e organizacións públicas ou privadas nos eidos local, provincial, autonómico, inter-autonómico, nacional e internacional.
- ✓ Colaborar coa Administración Pública e institucións privadas no desenvolvemento de actividades, programas, proxectos e iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas maiores.
- ✓ Calquera outros que acheguen beneficios para o colectivo de persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 469/96.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2022 e 2023, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada “Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””, nominativa a favor da entidade, cunha consignación orzamentaria de 4.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2022 ata o 30/09/2023, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2022-30/09/2023)</b>	
Aluguer local Ramón Nieto 77 e Comunidade Propietarios	5.700,00 €
Primas seguros	100,00 €
Gastos Asesoría	450,00 €



## Concello de Vigo

Subministrados (luz, auga, teléfono, etc,...)	300,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.550,00 €</b>

IX.- Que a entidade *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade *"Asociación de de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*" unha subvención por importe de 4.000,00€ (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada "*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*".

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.





## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2022 ata o 30/09/2023.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.



## Concello de Vigo

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería Participación Cidadá e Festas, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES93 2080 5130 11 3040009254 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2022 e o 30/09/2023.



## Concello de Vigo

**Décimo terceiro.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpg.vigo@vigo.org](mailto:dpg.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

### **31(735).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA “FEAFES” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL. EXPTE .11251/320.**

Visto o informe de fiscalización do 22/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/06/2023, Don José Ramón Girón García (DNI: 3321\*\*\*\*), en calidade de presidente da entidade “Saúde Mental FEAFES Galicia” (CIF: G15545353), achegou escritos (doc.230198976, doc.230198982 e doc.230198988), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2023, entre os meses de outubro de 2022 a setembro 2023, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.



## Concello de Vigo

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don José Ramón Girón García, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Saúde Mental FEFES Galicia", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 04/07/2023.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 04/07/2023.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/07/2023.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 12/07/2023.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (01/10/22 - 30/09/23)</b>	
Aluguer local	6.473,50 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.473,50 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2022 - 30/09/2023)</b>	
Concello de Vigo	5.000,00 €
Aportación de fondos propios	1.473,50€

<b>TOTAL</b>	<b>6.473,50 €</b>
--------------	-------------------

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Entidade Saúde Mental FEAFES Galicia", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 479/96, segundo resolución de data 29/07/1996.

V. O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 "Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 10/07/2023 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 12/07/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**





## Concello de Vigo

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (G15545353), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2022 ata setembro de 2023.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Saúde Mental FEAFES Galicia".

Segundo recolle o art. 6 dos Estatutos de Saúde Mental FEAFES Galicia, entre os fins, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✓ Esixir a adecuada atención sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Corresponde o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (*Resolucións da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no seu apartado Primeiro j).

Doutra parte, asinará o convenio Don José Ramón Girón García, con DNI 3321\*\*\*\*\*, en calidade de Presidente da entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (CIF : G15545353), con domicilio social na Rúa Aragón, 147 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11251/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público , o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.



## Concello de Vigo

### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

- o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2023) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2022, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

## **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.



## Concello de Vigo

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/22 e o 30/09/23, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2023**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO: AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800007 denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", incluída no vixente orzamento municipal de 2023.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" (CIF.- G15545353)", cuxo obxecto é o fomento das acti-



## Concello de Vigo

vidades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2022 e setembro de 2023, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00 € (cinco mil euros).

**TERCEIRO.-** É competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais D. Ángel Rivas González por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro j).

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE OUTUBRO DE 2022 A SETEMBRO DE 2023, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Ramón Girón García, con DNI 3321\*\*\*\*, en calidade de presidente de *Saúde Mental FEAFES Galicia* (CIF: G15545353), con domicilio fiscal en Rúa Belgrado, núm. 1 de Santiago de Compostela (A Coruña) e delegación en Vigo, na Rúa Aragón, 147 Baixo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11251/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de saúde mental, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo, Saúde Mental FEAFES Galicia unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia", ten, en xeral, como finalidade, a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✓ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.





## Concello de Vigo

- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinação e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando dos poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, *Saúde Mental FEAFES Galicia* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 479/96 no epígrafe 1.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2022 ata setembro de 2023, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2023), a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*" nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da federación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do seu local social entre outubro de 2022 ata setembro de 2023, situado na Rúa Aragón 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para este ano, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/10/22 - 30/09/23)</b>	
Aluguer local	6.473,50 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.473,50 €</b>

VIII.- Que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.



## Concello de Vigo

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* unha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", do vixente orzamento municipal (2023), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2022 ata setembro de 2023, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para este ano, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa de *Saúde Mental FEAFES Galicia*.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta

comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente refrendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións con *Saúde Mental FEAFES Galicia*.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo



## Concello de Vigo

en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende outubro de 2022 ata setembro de 2023.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase por *Saúde Mental FEAFES Galicia*, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas dixitalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.
- b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das

actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria



## Concello de Vigo

- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES47 2080 03 4833 3040010551 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/10/22 e o 30/09/23.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei





## Concello de Vigo

de Subvencións de Galicia e da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.-** O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2023).

### **32(736).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESOS E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3885/321.**

Visto o informe xurídico do 23/08/2023 e o informe de fiscalización do 24/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 22/08/2023, asinado pola técnica de xestión, a xefa de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

6.Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

7.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

8.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

9.Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

10.Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data 3 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou:

*“Adxudicar a UTE INTEGRAL MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRAL MGSII CEE, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 544.011,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.415,23 euros.*

*b) Propón un incremento de 4.000 horas anuais de apertura dos centros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”*



## Concello de Vigo

II. O 24 de xullo de 2018 formalizouse o contrato en documento administrativo por un período de 4 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, comezando a súa execución o 1 de agosto, polo que, o seu prazo finalizaba 31/07/2022.

III. Con data 11/03/2023 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia, a raíz do cal, por Resolución de Alcaldía de 12/03/2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimasen necesarias, ordéandose o peche ao público de todas as instalacións municipais relacionadas no anexo á resolución, entre outras, os Centros Municipais de Distritos dependentes da área de Participación Cidadá (EXPTE. 782/1102)

IV. A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. En virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, se suspenderon a totalidade dos trámites e se interromperon prazos e termos dos procedementos das entidades do sector público, como regra xeral.

VI. O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social del COVID-19, dispuxo as medidas adoptadas en materia de contratación pública.

VII. Con data 24/03/2020, e rexistro de saída número 11282, expte. 3725/321, remíteselle ao contratista información relativa aos contratos cuxa execución devira imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, a C.A. de Galicia ou o Concello de Vigo.

VIII. Con data 16/04/2020, a través do documento núm. 200049450, a adxudicataria remite comunicación na que se indicaba que o contrato administrativo de prestación sucesiva tiña sido suspendido, solicitando o aboamento dos servizos prestados ata a dita suspensión, producida dende o 16/03/2020. A factura foi tramitada a través do expediente núm. 9543-320.

IX. Por Resolución de Alcaldía do vixésimo noveno paquete de medidas COVID-19, de data 11/05/2020, se estableceu, no seu apartado 1º *“Instar ás Concellerías Ddas. De Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.”*

A través da de saída nº 15292, expte. 3725-321 de data 11/05/2020, comunicóuselle instrución á adxudicataria que se practicasen os procedementos para proceder á reanudación da prestación obxecto do contrato, con incorporación efectiva do persoal

adscrito, con efectos do 15/05/2020. A factura correspondente ao período inicial da reanudación foi tramitada a través do expediente núm. 9590-320.

X. A Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 15 de maio de 2020**, no expediente 6479/241 acordou o seguinte:

*“1º.- Recoñecer a imposibilidade total de execución do contrato dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expte 3.725-321) formalizado con “UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia a súa suspensión con efectos desde o 16 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impediu a súa prestación.*

*2º.- Reanudar a execución total do contrato dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos Centros municipais de Distrito o venres 15 de maio de 2020, nos termos e condicións que a tal efecto determine a concellería delegada de Participación Cidadá. A atención ao público pasará a desenvolverse telefónica e telemáticamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.”*

XI. Por último, a Xunta de Goberno Local, con data 3/03/2022, acordou autorizar a primeira prórroga dun (1) ano, para o período comprendido entre o 01/08/2022- 31/07/2023.

XII. Na actualidade o servizo de conserxería, control de accesos e información ao público nos Centros Municipais de Distrito se está a desenvolver de conformidade co disposto no prego de condicións técnicas, realizándose de maneira satisfactoria pola empresa adxudicataria do contrato. Polo que se estima procedente autorizar a segunda prórroga

Non consta comunicación escrita formulada polo contratista, con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo do contrato, referente á súa oposición desta segunda prórroga.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

I. O artigo 23 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

II. Segundo a Cláusula 4ª do contrato o prazo do contrato será de catro anos con posibilidade de prorrogalo por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas.



## Concello de Vigo

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7ª, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC, que establece un prazo de catro anos.

Así mesmo, a Cláusula 7ª do PCAP establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas de Características do Contrato (FEC) sempre que, medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.

En relación co anterior, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

III. Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenderon términos e se interromperon os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público definido na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común da AA.PP.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, podía exceptuarse, entre outros supostos, para a continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos, tal e como recollía a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, polo que, mediante resolución da XGL de 20/03/2023 se acordou exceptuar a regra xeral de suspensión para procedementos administrativos de gasto e pago, aprobación de retribucións/indemnizacións e nómina municipal, e non así, para os prazos suxeitos á normativa contractual.

IV. O RD-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, estableceu, no seu art. 34, as medidas adoptadas en materia de contratación pública, regulando os supostos nos que os contratos poderían ser obxecto de suspensión, establecendo un réxime excepcional, entre outros, para os contratos de servizos e de tracto sucesivo ou prestación periódica cuxa execución deviñera imposible, os cales quedarían suspendidos total ou parcialmente dende que se producira a situación de feito que impedía a prestación ata que a mesma puidera reanudarse.

A dita norma contemplaba un réxime singular que desprazou o contido da LCSP 2017 chegando a concluírse, segundo algunhas interpretacións, polo que atinxe ao cómputo de prazos, que debera aumentarse o prazo de execución do contrato. (Revista de Derecho Local: <https://derecholocal.es/consulta/suspension-de-contrato-administrativo-especial-durante-el-estado-de-alarma-por-la-covid-19-computo-de-plazos>).

Neste caso, o contrato tiña un prazo de execución de 4 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, comezando a súa execución o 1 de agosto de 2018, polo que, o dito prazo finalizaba 31/07/2022.

Non obstante, tal e como consta no acordo da XGL na sesión extraordinaria e urxente de data 15/05/2020 (expte. 6479/241) no que se recoñecía a imposibilidade total de prestación do servizo con efectos de 16/03/2023 e se reanudaba a execución total dende o 15/05/2023, trala suspensión da prestación do servizo como consecuencia da crise sanitaria xerada polo COVID-19, no período indicado, sen que conste que o contratista teña percibido desta administración indemnización algunha pola dita interrupción, debe entenderse aumentado o prazo do contrato polo tempo que estivo suspendido que, polo tanto remataba o 30/09/2022.

En consecuencia, a 1ª prórroga do contrato por 1 ano aprobada por acordo da XGL con data 3/03/2022 para o período comprendido entre o 01/08/2022- 31/07/2023, tendo en conta o axuste do prazo inicial do contrato e como data de finalización o 30/09/2022, debe considerarse que o período de 1 ano abarca entre o 1/10/2022 ao 30/09/2023; polo que debe axustarse o prazo de dita prórroga.

E a tramitación da 2ª e última prórroga, tendo en conta o prazo axustado da 1ª prórroga, comprendería o período entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, no que as características do contrato permanecerán inalterables, manténdose a mellora ofertada no contrato.

Á vista do que antecede é necesario dispoñer do crédito necesario para afrontar o gasto correspondente aos dous meses suspendidos, razón pola cal, debe autorizarse a emisión dun RC/ADM complementario por importe de 22.667,15 € (IVE incluído) segundo a oferta presentada por UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSI CEE, S.L. que consta no expediente, necesarios para atender o gasto derivado do contrato no período comprendido dentro da 1ª prórroga entre o 1/08/2023 e 30/09/2023.

De conformidade co anteriormente exposto e de acordo co establecido nos artigos 23 e 303 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e conforme a previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral Municipal, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO:** Axustar o prazo da primeira prórroga do contrato ao período comprendido entre o 01/10/2022 ao 30/09/2023, atendendo ao período no que o contrato estivo suspendido durante a situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

**SEGUNDO:** Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 22.667,15 € (IVE incluído), necesarios para atender o gasto derivado do contrato no período comprendido entre o



## Concello de Vigo

1/08/2023 e 30/09/2023, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279904 "AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS" do vixente exercicio orzamentario 2023.

**TERCEIRO:** Autorizar a 2ª prorroga dun (1) ano, para o período comprendido entre o 01/10/2023- 30/09/2024, do contrato para a prestación dos servizos de conserxería, control de accesos e información ao público nos Centros Municipais de Distrito, do que é adxudicataria UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSÍ CEE, S.L., (U70556444) por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de maio de 2018.

O importe da prorroga será de 136.002,89 euros, manténdose, no período de prorroga, a mellora ofertada do incremento de 4.000 horas anuais de apertura dos centros.

**CUARTO:** Autorizar e comprometer o gasto da prorroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 136.002,89 euros, dos que 34.000,72 € corresponden ao orzamento de 2023 e 102.002,17 € ao orzamento de 2024, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279904 "AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS"

**QUINTO:** Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(737).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 3886/321.**

Visto o informe xurídico do 24/08/2023 e o informe de fiscalización do 29/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 14/08/2023, asinado pola técnica de xestión, por ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá (Instrución de 28/07/2023), pola Secretaria do Goberno Local e polo concelleiro da Área de Goberno (R.A. do 11/08/2023), que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

## **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Mediante resolución de 13 de xullo de 2023, a concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal autorizou iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 13 de xullo de 2023, e polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda en data 17 de xullo de 2023.
2. Memoria económica do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e a Secretaria do Goberno Local en data 13/07/2023, e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda en data 14/07/2023.
3. Documentos contables de retención de crédito de 18/07/2023 (RC núm. Operación 202300141838 e RCFUT núm. Operación 202300141839)
4. Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares de data 9/08/2023, asinada pola técnica de xestión (Instrución de 28/07/2023).
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 9/08/2023, asinada pola técnica de xestión (Instrución de 28/07/2023).
6. Anexo de "Información exigida polo artigo 130 da LCSP) subministrada pola actual prestadora do servizo, a través do documento rexistrado co núm. 230161325.
7. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada o 10 de agosto de 2023 pola técnica de xestión en ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Instrución de 28/07/2023), a Secretaria do Goberno Local, e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.
8. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación e Novos Proxectos, de data 11/08/2023.
9. Prego de cláusulas administrativas de data 11/08/2023, asinado pola pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación e Novos Proxectos.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**





## Concello de Vigo

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en resolución de 13 de xullo de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas asinado pola técnica de xestión (Instrución de 28/07/2023), e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación e Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado de tramitación ordinaria.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (3886/321) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 09/08/2023 e o prego de cláusulas administrativas de 11 de agosto de 2023, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010”.

3º.- Aprobar o gasto de 67.042,83 € para a contratación dos “SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010” con cargo á aplicación orzamentaria 9204 2279901 “Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes” do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2023, distribuídos do xeito seguinte:

- Ano 2023: 44.695,22 euros
- Ano 2024: 22.347,61 euros

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(738).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS OUTONO LÍRICO 2023. EXPTE. 4952/330.**

Visto o informe xurídico do 21/07/2023 e o informe de fiscalización do 08/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 06/07/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 25 de abril do 2023, a “Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de Concertos Outono Lírico 2023 ; por este motivo, o día 27 de xuño do 2023, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 80.000 euros (60.000 achegados polo Concello máis 20.000 achegados pola Deputación en virtude de convenio asinado co Concello de Vigo con data 5 de xuño do 2023, expediente 4943/330) con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05. e asinar un convenio con esta entidade.

**ANTECEDENTES.-**

A asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

**PROGRAMA E ORZAMENTO:**

O Festival Outono Lírico está composto este ano de 8 eventos:

- **Il trovatore:** Teatro Afundación. 15 de outubro. 19 horas.
- **Don Pasquale:** Teatro Afundación. 5 de novembro. 19 horas
- **Novas voces da Lírica Galega:** Auditorio Martín Códax. Conservatorio Superior de Música, 30 de setembro. 20,00 horas
- **Arias de Ópera e romanzas de Zarzuela.** Concerto anual Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música.
- **Opera no cine:** Auditorio Municipal do Concello de Vigo.  
5 de outubro. 19,30 horas. “LA TRAVIATA” (VERDI).  
26 de outubro. 19,30 horas. “LUCIA DI LAMMERMOOR” (DONIZETTI).
- **HABLEMOS DE ...**Sala de Conferencias del Centro Social Afundación.  
“Il Trovatore o la oscura ley del destino”. Mesa redonda a cargo de Diego García Rodríguez. 14 de outubro. 19,30 horas  
“Don Pasquale. What Else?”. Mesa redonda a cargo de Manuel Coves (director musical),



## Concello de Vigo

4 de novembro. 19,30 horas

“Victoria de los Ángeles. Línea y Sutileza”. Conferencia a cargo de Arturo Reverter.

4 de novembro. 19,30 horas

A memoria económica que se achega a este convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 192.500 € (cento noventa e dous mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 80.000 € (60.000 achegados polo Concello máis 20.000 achegados pola Deputación en virtude de convenio asinado co Concello de Vigo 5 de xuño do 2023, expediente 4943/330)
- Venda de entradas: 54.000 €
- Xunta de Galicia: 25.000 €
- Inaem: 15.000
- Patrocinios (Gadisa): 1.815€
- Fondos propios: 16.685 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica municipal con data 5 de xullo do 2023

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" para o financiamento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2023", rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e

do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a " Asociación de Amigos de la Ópera" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera" ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2023", figurando na aplicación **3340.480.00.05** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de **80.000 €** (60.000 achegados polo Concello máis 20.000 achegados pola Deputación en virtude de convenio asinado co Concello de Vigo con data 5 de xuño do 2023, expediente 4943/330), a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de La Ópera " é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

**Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á**



## Concello de Vigo

**subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de **80.000 €** (oitenta mil euros) a "Asociación de Amigos de la Ópera" CIF. G36622116, para o financiamento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2023" organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 "CONVENIO AMIGOS DE LA ÓPERA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

**SEGUNDO.-** *Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Outono Lírico 2023".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO", RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "OUTONO LÍRICO 2023"

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023.

Doutra, D. Daniel Diz Portela, na súa condición de presidente da Asociación Amigos de la Ópera de Vigo (CIF: G36622116) con enderezo social na rúa Venezuela, 22, 1º B, CP 36203, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.05, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**, a cantidade de 80.000 euros (60.000 achegados polo Concello máis 20.000 achegados pola Deputación en virtude de convenio asinado co Concello de Vigo con data 5 de xuño do 2023, expediente 4943/330)*

*IV.- Que a "**ASOCIACIÓN A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o "OUTONO LÍRICO 2023", que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO



## Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de polo importe total de 192.500 € (cento noventa e dous mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas

- Concello de Vigo: 80.000 €
- Xunta de Galicia: 25.000 €
- Ingresos taquilla: 54.000 €
- Inaem: 15.000 €
- Achega da entidade: 16.685 €
- Patrocinio Gadisa: 1.815 €

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O Festival Outono Lírico está composto este ano de 8 eventos:

- **Il trovatore:** Teatro Afundación. 15 de outubro. 19 horas.
- **Don Pasquale:** Teatro Afundación. 5 de novembro. 19 horas
- **Novas voces da Lírica Galega:** Auditorio Martín Códax. Conservatorio Superior de Música, 30 de setembro. 20,00 horas
- **Arias de Ópera e romanzas de Zarzuela.** Concerto anual Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música.
- **Opera no cine:** Auditorio Municipal do Concello de Vigo.  
5 de outubro. 19,30 horas. "LA TRAVIATA" (VERDI).  
26 de outubro. 19,30 horas. "LUCIA DI LAMMERMOOR" (DONIZETTI).
- **HABLEMOS DE ...** Sala de Conferencias del Centro Social Afundación.  
"Il Trovatore o la oscura ley del destino". Mesa redonda a cargo de Diego García Rodríguez. 14 de outubro. 19,30 horas  
"Don Pasquale. What Else?". Mesa redonda a cargo de Manuel Coves (director musical), 4 de novembro. 19,30 horas  
"Victoria de los Ángeles. Línea y Sutileza". Conferencia a cargo de Arturo Reverter. 4 de novembro. 19,30 horas

### CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Daniel Díz Portela, presidente da entidade

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo ampliamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.





## Concello de Vigo

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (80.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranga a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:



## Concello de Vigo

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade



## Concello de Vigo

subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

## **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

## **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



**Concello de Vigo**

## ORZAMENTO 2023

### **CONCIERTO "NOVAS VOCES DA LÍRICA GALEGA"**

Cachés soprano y pianista: 1.000,00

Hotel: 250,00 €

Dípticos: 300,00 €

Alquiler Auditorio Martín Códax: 250,00 €

**TOTAL.- 1.800,00 €**

### **OTRAS PARTIDAS**

Imagen, publicidad, cartelería, mupis, programas de mano, Grabaciones y ediciones de vídeo de Operas Galas y Conferencias, Contabilidad, y Seguros : **10.000,00 €**

Taxis, desplazamientos y viajes de los elencos y Transportes: **2.500,00 €**

.

**TOTAL GASTOS.- 192.500,00 €**

---

## INGRESOS

Ayuntamiento de Vigo: 60.000,00 €  
Xunta de Galicia: 25.000,00 €  
Diputación de Pontevedra: 20.000,00 €  
Ingresos Taquillas: 54.000,00 €  
INAEM: 15.000€  
Aportación AAOV: 16.685,00 €  
Gadisa (Patrocinio Privado): 1.815,00 €

**TOTAL INGRESOS.- 192.500,00 €**

## GASTOS

### IL TROVATORE

Cachés Elenco: 14.500,00 €  
Orquesta (OSV 430): 32.000,00 €  
Dirección musical (Diego García Rodríguez): 3.000,00 €  
Dirección de escena (Ignacio García): 2.500,00 €  
Coro (Coro Rias Baixas): 2.500,00 €  
Iluminación y videomapping (Alejandro Contreras): 2.500,00 €  
Hotel (Hotel Inffinit): 5.500,00 €  
Alquiler de equipos técnicos (pantallas, monitores, proyectores ...): 1.500,00 €  
Alquiler de partituras (Monge & Boceta): 1.500,00 €  
Alquiler Teatro Afundación y Auditorio Martín Códax (CMUS): 15.000,00 €  
Maestro correpetidor: 1.000,00 €

**TOTAL.- 81.500,00 €**

### D. PASQUALE

Cachés Elenco: 11.500,00 €  
Orquesta (OSV 430): 32.000,00 €  
Dirección musical (Manuel Coves): 5.000,00  
Dirección de escena (Eugenia Corbacho): 3.200,00 €  
Coro (Coro Rias Baixas): 2.500,00 €  
Producción: escenografía, iluminación, maquillaje, vestuario ...: 20.000,00 €  
Hotel (Hotel Inffinit): 3.500,00 €  
Alquiler de equipos técnicos (pantallas, monitores, proyectores ...): 1.500,00 €  
Alquiler de partituras (Monge & Boceta): 1.500,00 €  
Alquiler Teatro Afundación y Auditorio Martín Códax (CMUS): 15.000,00 €  
Maestro correpetidor: 1.000,00 €

**TOTAL.- 96.700,00 €**





**Concello de Vigo**

**35(739).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VIII FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS” DURANTE O EXERCICIO 2023. EXPTE. 5024/330.**

Visto o informe xurídico do 24/07/2023 e o informe de fiscalización do 18/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 19/07/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 15 de xuño do 2023, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do " VIII Festival da Música e das Artes nas Ondas 2023"; por este motivo, con data 15 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

O día 30 de xuño do 2023 emitise informe proposta de *aprobación da concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q-8650014G, para o financiamento do VIII Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2023 .*

O día 12 de xullo do 2023 a Asesoría Xurídica do Concello, insta ao Servizo Xestor que recade as aclaracións oportunas sobre o seguinte:

*"Constan no expediente dous proxectos/memorias da actividade a subvencionar (e orzamento de ingresos e gastos): unha primeira asinada o 15/06/2023 e unha segunda asinada o 27/06/2023 que semella que foi presentada en atención ao requirimento de enmenda.*

*Obsérvase que no último proxecto/memoria o importe do orzamento de gastos é superior e cunha menor desagregación dos gastos (10.015 euros). E ademais difire do indicado na proposta de resolución ("8.015 euros").*

*En canto ao orzamento de ingresos obsérvanse tamén discrepancias na documentación obrante no expediente: na declaración responsable o solicitante manifesta que solicitou e recibiu unha axuda de 4.000 euros da Consellería de Educación para esta mesma actividade, que descoñecemos si se corresponde coa contía indicada no proxecto ou memoria ("Dirección Xeral do Centro e Recursos Humanos: 4.000 €") e ademais difire da indicada na proposta de resolución ("Consellería de Cultura: 4.015 euros").*

Con datas 13 e 14 de xullo do 2023 requiriuse á entidade interesada para que emende e clarifique o sinalado no informe da Asesoría Xurídica, subsanación que chega en doc. núm. 23012139 e doc. 230211492 do 14.07.2023, onde xunto con outra documentación incorpora escrito aclaratorio que se incorpora ao expediente onde explica o seguinte:

*“por erro do que subscribe coa Vicedirección, a táboa que figura co orzamento era dunha edición anterior. Tamén fago constar que as non coincidencias dos documentos son debidas a este motivo, e que o orzamento final é de 8.015€, que son os que figuran na documentación remitida o 15 de xuño. Así mesmo cando se consulta sobre a Consellería de Educación ou sobre a Dirección Xeral de Centros e RRHH, cabe clarexar que dita Dirección Xeral pertence a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e é a que libra os orzamentos para os centros sostidos con fondos públicos”*

En consecuencia, incorpórase nova memoria de xullo do 2023 que contén o orzamento definitivo e emítese novo informe proposta no sentido que a seguir se indica:

#### “ANTECEDENTES.-

**O Conservatorio Superior de Música de Vigo** é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa **FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”**, que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a quinta edición. O obxectivo fundamental do programa é a difusión das Artes Escénicas en xeral, con maior fincapé nas musicais e tamén quere dar a oportunidade ao desenvolvemente artístico e novos talentos, estudantes e persoas recién tituladas que poidan convivir nun espazo artístico con persoas de renome e traxectorias mais marcadas no ámbito da música.

PROGRAMA E ORZAMENTO: O programa do “VIII FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2023” foi o seguinte:



## Concello de Vigo

Marzo			
Mércores 19 20 h	<b>Dúo saxofón e piano</b> Virgo Veldi (saxofón, Academia Estonia de Música e Teatro), Pablo Rodríguez (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 20 20 h	<b>Recital de piano</b> Sergio Gómez (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Venres 21 20 h	<b>Sendeiros paralelos</b> Escola de Danza Media Punta, Alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Vigo e do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Cristina Rodríguez (directora coreográfica), Diego Ventoso (director artístico)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Luns 24 20 h	<b>O saxofón húngaro</b> Erzsebet Selejio (saxofón, Academia de Música Franz Liszt de Budapest), Pablo Rodríguez (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Martes 25 20 h	<b>Ensembles de saxofóns do CSM da Coruña e do CSMVigo</b>	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Mércores 26 20 h	<b>Performa Ensemble: A palabra da música</b> Helena Marinho (piano), Henrique Portovedo (saxofón), Jorge Salgado Correia (frauta), Joana Carvalho (actriz)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 27 13 h	<b>A creación dunha tese de doutoramento: Proceso e fases. O saxofón nas bandas de música galegas no século XIX</b> Sara Seoane	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 27 20 h	<b>A transcripción para saxofón e piano</b> Aula de saxofón do CSMVigo (Miguel Bargiela, Noelia Fraga, Gemma Mestres, Javier Rodríguez), Pablo Rodríguez (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Venres 28 12 h	<b>Relatorio: HistoriSax</b> Antonio Fernández (relator, saxofón), Pablo Rodríguez (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Venres 28 13 h	<b>Concerto da Aula de saxofón do CMUS Profesional de Santiago de Compostela</b> Rubén Fuerte (sax. soprano), Manuel Ramos (sax. alto), Sergio Quintana (sax. tenor), Manuel Rodríguez (sax. barítono), Miguel Valls (piano), Alejandro Cimadevila e Sara Seoane (profesores)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Venres 28 20 h	<b>Recital de piano</b> Guillem León Vivas (becado Fundación Grupo Sifu)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Maio			
Mércores 3 20 h	<b>Solo Beethoven</b> Daniel Pereira (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Xoves 4 20 h	<b>Orquestra Sinfónica do CSMVigo</b> Juan Carlos Díaz (director)	AGRUPACIÓNS CSMV	Auditorio Martín Códax
Venres 5 20 h	<b>Trio clarinete, violonchelo e piano</b> Esteban Valverde (clarinete), Ana Torres (violonchelo), Cristina García (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Luns 8 19 h	<b>Proxección do documental Dorothè na vila</b>	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 11 20 h	<b>Banda de Música do CSMVigo</b> Juan Carlos Díaz (director)	AGRUPACIÓNS CSMV	Auditorio Martín Códax
Venres 12 20 h	<b>Monográfico sobre Eligio Vila Vázquez</b> Fernando Raña (frauta), Luis Caballero (violonchelo), Rasa Biveiniene Jakutyte (piano)	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 18 20 h	<b>Concerto de poesía musicada</b> Alumnado e profesorado do Departamento de Canto	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Venres 19 20 h	<b>a frauta en Galicia</b> Manuel Morales (frauta), Raúl Rodríguez (piano)	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax

Xuño			
Martes 6 20 h	Concerto de premiados no IX Concurso de Música de Cámara do CSMVigo	ABRENTE	Auditorio de Praza do Rei
Xoves 8 20 h	Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2022-23	ACTO GRADUACIÓN	Auditorio Martín Códax

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 8.015 € (oito mil quince euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- Consellería de Cultura: 4.000 euros
- Conservatorio Superior de Música: 15 euros

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do " VIII Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2023", obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na



## Concello de Vigo

concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" ten como obxecto financiar a organización do "**VIII FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2023**" figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade " Conservatorio Superior de Música de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q-8650014G, para o financiamento do VIII Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 "SUBVENCIÓN CMUS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

- 1) E de responsabilidade da Entidade :
  - a. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
  - b. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a

utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- C. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 2) Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do CSMVigo.
  - 3) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
  - 4) Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
  - 5) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 6) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 7) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia do seguro de responsabilidade civil.

#### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



## Concello de Vigo

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





## Concello de Vigo

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **36(740).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN CULTURAL FUNDACIÓN PENZOL PARA O DESENVOLVEMENTO DA EXPOSICIÓN FUNDACIÓN PENZOL 60 PEZAS PARA 60 AÑOS 2023. EXPTE. 5025/330.**

Visto o informe xurídico do 24/07/2023 e o informe de fiscalización do 22/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 11/07/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 19 de xuño do 2023, a “ Asociación Cultural Fundación Penzol” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da “Exposición da Fundación Penzol 60 pezas para 60 anos” realizado durante o exercicio 2023; por este motivo, o día 28 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación do expediente de



## Concello de Vigo

subvención polo importe de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.23 do orzamento municipal vixente

### ANTECEDENTES.-

A Fundación Penzol é unha entidade cultural privada sen ánimo de lucro. Creouse en 1963 por iniciativa de Fermín Penzol, cando decide doar a súa valiosa biblioteca especializada en temática galega de acceso público para a investigación. Foi enriquecéndose con numerosas e variadas achegas. Está considerada como un centro de consulta imprescindible para os investigadores da realidade histórica e actual galega nas súas diversas manifestacións.

Neste sentido, a exposición conmemorativa dos 60 anos da Fundación Penzol, obxecto desta subvención, ten como finalidade amosar, por medio de sesenta referencias (como símbolo dos anos da Fundación), unha selección dalgúns dos seus máis valiosos fondos bibliográficos e dos documentais depositados nas instalacións da Casa Galega da Cultura.

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

A “Exposición da Fundación Penzol 60 pezas para 60 anos” tivo lugar na Sala de exposicións da Casa Galega da Cultura entre o 21 de febreiro e o 21 de maio de 2023.

Entre as pezas que foron obxecto da exposición destacan:

### **OBXECTOS**

Carauta de Pimpinela (1941). Deseñada e realizada por Castelao para a estrea de Os vellos non deben de namorarse en Buenos Aires.

Morteiro do boticario Xosé María Chao, onde, presuntamente, se fabricou o explosivo da carta-bomba coa que se atentou contra o xeneral absolutista Eguía, capitán xeneral de Galicia entre 1824 e 1832.

### **CARTEIS**

Cartel do primeiro Día das Letras Galegas (1963), deseñado por Xohán Ledo para Editorial Galaxia e impreso en Serigrafía Gallega.

### **MONOGRAFÍAS**

Paulo Orosio. Historiarum adversus paganos libri septem. Venetiis:expensis Bernardini Veneti de Vitalibus, ano 1500.

Joseph Cornide. Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la torre llamada de Hércules... Madrid: Oficina de Benito Cano, ano 1792.3

Rosalía de Castro. Cantares gallegos. Vigo: Imprenta de Juan Compañel, ano 1963.

### **LIBROS MANUSCRITOS**

Testamento e fundación do morgado do capitán Juan de Gayoso, señor de Guntín e Canedo [executoria de fidalguía], anos 1558-1560.

Frei Martín Sarmiento. Conjetura sobre el nombre de un pez cetáceo..., ano 1760.

### **FONDOS ARQUIVÍSTICOS**

Doazón do rei Afonso VII ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro [privilexio real], ano 1135. É o documento máis antigo dos fondos da Fundación Penzol.

Álbum de autocaricaturas de Castelao. Tinta sobre papel, Santiago de Compostela, ca. 1903-1907.

## **CARTOGRAFÍA**

Gallaecia Regnum / descripta a F. Fer. Ojea, [1634-1635]. Mapa de Fontán. Edición de 1845.

## **PUBLICACIONES PERIÓDICAS**

Números de revistas como A Monteira (1889), Boletín da RAG (1906), A Nosa Terra (1916) e Grial (1963).

Ademais das 60 referencias, reproducíronse retratos de Fermín Penzol, Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Xaime Isla, Blanca Jiménez e Alfonso Zulueta e unha mostra de publicacións da propia Fundación.

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 20.389,88 € (vinte mil trescentos oitenta e nove euros con oitenta e oito céntimos) dos que o Concello de Vigo achegará 20.000 €

## DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificación da conta bancaria asinado dixitalmente pola entidade
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil

## LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación Cultural Fundación Penzol”, para o desenvolvemento da “Exposición da Fundación Penzol 60 pezas para 60 anos”, rexírase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Asociación Cultural Fundación Penzol”, para o desenvolvemento da “Exposición da Fundación Penzol 60 pezas para 60 anos” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa



## Concello de Vigo

oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Fundación Penzol”, para o desenvolvemento da “Exposición da Fundación Penzol 60 pezas para 60 anos” figurando na aplicación **3340.480.00.23** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 20.000 € (vinte mil euros) á entidade “Asociación Cultural Fundación Penzol” para o desenvolvemento da “Exposición da Fundación Penzol 60 pezas para 60 anos”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación 3340.480.00.23 do orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

- 1) E de responsabilidade da Entidade :
  - a. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
  - b. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a

utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- C. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 2) Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Manuel Puga Pereira , presidente da entidade
  - 3) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
  - 4) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
  - 5) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
  - 6) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
  - 7) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

## **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (20.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



## Concello de Vigo

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

- Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
- Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
- Memoria de prensa.
- Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
- Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

**Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





## Concello de Vigo

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

## **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **37(741).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA" PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXVII EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2023. EXPTE. 5027/330.**

Visto o informe xurídico do 24/07/2023 e o informe de fiscalización do 17/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 19/07/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 27 de xuño do 2023, "A Agrupación Fotográfica Galega" presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da XXVII Edición do Maratón Fotográfico no exercicio 2023; por este motivo, con data 3 de xullo, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte



## Concello de Vigo

desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 do orzamento municipal vixente.

### ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALLEGA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrompidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

A XXVII EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2023 comezará ás 11:00 do día 30 de setembro de 2023. Ás 12 horas darase a saída oficial e informarase dos 4 temas obxecto da maratón que terá unha duración de 24 horas. Finalizará ás 12 horas do día 1 de outubro do 2023

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 9.755 € (nove mil setecentos cincuenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 €
- Gadis: 500 €
- Cotas dos participantes: 1.120 €
- Achega da entidade 135 euros

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo do pagamento do Seguro de Responsabilidade Civil correspondente

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" para o desenvolvemento da XXVII Edición do Maratón Fotográfico 2023, rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a "Agrupación Fotográfica Galega" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" ten como obxecto financiar o desenvolvemento da "XXVII Edición do Maratón Fotográfico 2023", figurando na aplicación **3340.480.00.18** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

**Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á**



## Concello de Vigo

**subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 8.000 € (oito mil euros) a "Agrupación Fotográfica Galega" CIF. G36733616, para o financiamento da organización do XXVII Edición do Maratón Fotográfico 2023 organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 "SUBVENCIÓN MARATÓN FOTOGRÁFICO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación Fotográfica Galega para o para o desenvolvemento da XXVII Edición do Maratón Fotográfico no exercicio 2023.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXVII EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2023**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura,

Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023

Doutra, D. Alfonso Durán Castillo, na súa condición de presidente da Agrupación Fotográfica Galega (CIF: G-36733616) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Uruguai 17, entrechán D, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

## MANIFESTAN

*I.- Que a **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALLEGA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrumpidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da **XXVII EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2023**, como medio que é de promover a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria **3340.480.00.18**, "Subvención Maratón Fotográfico" como subvención nominativa, a favor da **Agrupación Fotográfica Galega**, a cantidade de 8.000 euros.*

*IV.- Que a **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALLEGA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*



## Concello de Vigo

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a XXVII Edición do Maratón Fotográfico 2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 9.755 € (nove mil setecentos cincuenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 €
- Gadis: 500 €
- Cotas dos participantes: 1.120 €

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

A XXVII EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRAFICO 2023 comezará ás 11:00 do día 30 de setembro de 2023. Ás 12 horas darase a saída oficial e informarase dos 4 temas obxecto da maratón que terá unha duración de 24 horas. Finalizará ás 12 horas do día 1 de outubro do 2023. As fotos deberán ser feitas dentro dos límites do Concello de Vigo ou ben ter a Vigo como suxeito da imaxe.

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1) Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Alfonso Durán Castillo, presidente da asociación.

- 2) Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo ampliamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3) Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6) Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 8) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.





## Concello de Vigo

- 9) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido a entidade presenta póliza do seguro de responsabilidade civil que atendería calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento así como recibo de pagamento da mesma.

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2) Xestionar o pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que



## Concello de Vigo

o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados,

datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en



## Concello de Vigo

concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a

instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.



## Concello de Vigo

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
  - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
  - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo

1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## ORZAMENTO 2023

### GASTOS


CREATIVIDADE E DISEÑO	
Creatividade, ilustración, maquetación	750,00 €
Deseño e maquetación bases, cartéis e mupis	600,00 €
Deseño camiseta	200,00 €
Deseño elementos exposición, vinilos	300,00 €
PROMOCIÓN EN LIÑA	
Promoción web, programación e plataforma pago	750,00 €
Campaña en redes sociais, mailing, accións promo	600,00 €
IMPRESIÓN E PRODUCCIÓN	
Impresión de bases e cartéis	100,00 €
Impresión plenos, temas, folles inicación	50,00 €
Camisetas 150 unidades	600,00 €
Copias de contacto	120,00 €
Impresión cartéis para mupis	225,00 €
PREMIOS MARATÓN PRESENCIAL	
Primer premio	1.000,00 €
Segundo premio	500,00 €
Tercer premio	300,00 €
EXPOSICIÓN VIRTUAL	
Cota plataforma exposición virtual	90,00 €
Deseños exposición virtual	500,00 €
REPORTAXES	
Reportaxe foto e vídeo	600,00 €
Producción vídeo entrevistas galegoas/tes	750,00 €
DIFUSIÓN	
Promoción audiovisual	300,00 €
Promoción escolas audiovisuais	100,00 €
Promoción colectivos desfavorecidos	100,00 €
Difusión prensa	100,00 €
XESTORÍA	
Xestión documentación e contabilidade, certificadas	420,00 €
SEGURIDADE E HIXIENE	
Seguro responsabilidade civil	200,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>9.795,00 €</b>

### INGRESOS

CUOTAS PARTICIPANTES	
Cuotas estimada 80 participantes tradicional (12€/p)	960,00 €
Cuotas estimada 20 participantes joven (9€/p)	180,00 €
APORTACIÓNS - SUBVENCÍONS	
Concello de Vigo	8.000,00 €
Gadis Supermercados	500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>9.620,00 €</b>

### RESULTADO

<b>TOTAL INGRESOS</b>	9.620,00 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	9.795,00 €
<b>RESULTADO</b>	175,00 € asumidos con recursos propios de la AFG







## Concello de Vigo

### **38(742).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO UN MAR DE BANDAS” , “VIGO BANDAS NOS TORREIROS”, E “AULAS DE MÚSICA”. EXPTE. 5009/330.**

Visto o informe xurídico do 21/07/2023 e o informe de fiscalización do 25/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 05/07/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 4 de xuño do 2023, a “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2023 ; por este motivo, con data 5 de xuño do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 233.200 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Este ano como novidade terá lugar a primeira edición do programa “Vigo, bandas nos torreiros”, programa especial de actuacións das bandas de música de suma importancia tanto para a difusión e potenciación da cultura musical galega e doutra índole a través da formación dunha banda de música que implica as seguintes diferencias co ciclo do “Programa Vigo un Mar de Bandas”: Unha maior duración das actuacións, actuacións estáticas como en movemento, diversidade do espectáculo e actuacións en torreiros.

Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa “**Aulas de música nas bandas**” cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 233.200 €

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentada na sede electrónica con data 1 de xullo do 2023

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2023, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.



## Concello de Vigo

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” ten como obxecto financiar o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música”, figurando na aplicación **3340.480.00.10** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 233.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

**Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

## **CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

A vista do anteriormente exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

## **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 233.200 € (DOUSCENTOS TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS EUROS ) á Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, CIF. G-36855906, para o financiamento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 “CONVENIO FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA DE VIGO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas Populares de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” no exercicio 2023.”*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS”, “VIGO, BANDAS NOS TORREIROS” E “AULAS DE MÚSICA” 2023**

En Vigo, na data da sinatura dixital

## **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización



## Concello de Vigo

Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023.

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### MANIFESTAN

*I.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, en concreto nos programas “Vigo, un mar de bandas”, “Vigo, Bandas nos torreiros” e “Aulas de Música”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO**, a cantidade de 233.200 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio, concretamente os programas “Vigo, un mar de bandas”, “Vigo, bandas nos torreiros” e “Aulas de Música”.

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 233.200 €

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

#### PROGRAMA “Vigo, un mar de bandas”

- As actuacións desenvolveranse, segundo o programa que se achega a este expediente, entre o 27 de novembro do 2022 e o 12 de novembro do 2023.
- O número total de actuacións será de 99 (noventa e nove)
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.
- Con carácter xeral, quedan excluídas deste convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.

#### **PROGRAMA Vigo Bandas nos Torreiros-Primeira Edición**



## Concello de Vigo

É un programa especial de 18 actuacións das bandas de música, que se desenvolverán según detalle da memoria que se achega a este expediente, entre os días 4 de xuño e 22 de outubro do 2023 que implica as seguintes diferencias co ciclo do Programa Vigo un Mar de Bandas:

- Unha maior duración da actuación, chegando a ter un mínimo de duración de tres horas.
- Realización de actuacións estáticas como en movemento.
- Diversidade do espectáculo.
- As actuacións serán en barrios da cidade, en espazos amplos como ser os torreiros.

### **PROGRAMA “Aulas de Música”**

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2023 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da asociación.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido a entidade presenta póliza do seguro de responsabilidade civil que atendería calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento así como recibo de pagamento da mesma.





**Concello de Vigo**

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (233.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de agosto, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado



## Concello de Vigo

ata o 31 de xullo e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos “Aulas de música”.

- b) Un segundo pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado no periodo comprendido entre o 1 de agosto e o 30 de setembro.
- c) Un terceiro e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas no periodo comprendido entre o 1 de outubro ata o 12 de novembro. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 13 de novembro do 2023.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde novembro do ano 2022 a novembro do 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de



## Concello de Vigo

atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**



## Concello de Vigo

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
  - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
  - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase

resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

/me

A concelleira delegada da Área de Goberno  
de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade  
e Normalización Lingüística

O presidente da entidade

María del Carmen Silva Rego

Enrique Lorenzo Vila

Dou fé

A secretaria do Goberno Local

Susana Gallardo Fariña





**Concello de Vigo**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO –  
FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO  
“VIGO, UN MAR DE BANDAS”**

**PROPOSTA ECONÓMICA**

CONCEPTO de GASTOS	ORZAMENTO
99 Actuacións “Vigo, un mar de bandas”	128.920 €
18 Actuacións “Vigo, bandas nos torreiros”	34.200 €
AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS	54.000 €
Produción + Publicidade + Programas	16.080 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>233.200 €</b>

CONCEPTO de INGRESOS	ORZAMENTO
Subvención CONCELLO DE VIGO	233.200 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>233.200 €</b>

Os importes que se establecen por actuación e banda, á proposta da ASOCIACIÓN, son as seguintes:

	MAR DE BANDAS	BANDAS NOS TORREIROS
Unión Musical de Valladares	1.400 €	2.700 €
Escola de Música de Beade	1.400 €	2.000 €
Agrupación Musical Atlántida de Matamá	1.360 €	2.000 €
Unión Musical de Coruxo	1.360 €	1.800 €
Lira de San Miguel de Oia	1.360 €	1.800 €
Escola de Música da UVCD de Candeán	1.270 €	1.800 €
Unión Musical de Cabral	1.270 €	1.800 €
As Delicias do Caeiro-Cabral	1.150 €	1.600 €
Ateneo Musical de Bembrive	1.150 €	1.600 €

ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO  
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2023”**

D/Dña.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2023, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....

.....

VIGO, ..... de ..... do 2023

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:



**Concello de Vigo**

**ANEXO II**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO  
PROGRAMA “ VIGO, BANDAS NOS TORREIROS 2023”**

D/Dna.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2023, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....  
.....

VIGO, ..... de ..... do 2023

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

### **39(743).- CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2023. EXPTE. 8493/104.**

Visto o informe xurídico do 21/08/2023 e o informe de fiscalización do 22/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 14/08/2023, asinado pola técnica do Servizo de Turismo, a concelleira delegada de Turismo e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Vigo estase a converter nun referente turístico nacional. O turismo na cidade é unha das actividades económicas mais destacables xa que ten un gran compoñente de transversalidade por cando inflúe e depende ao mesmo tempo doutros sectores económicos, así como contribúe a preservación do noso medio natural, atractivos culturais, etnográficos, etc...

O destino Vigo, debe consolidar o desenvolvemento de novos produtos e tipoloxías turísticas que permitan crecementos de mercados emisores e a desestacionalización da demanda, ademais de favorecer o gasto medio por turista. Incidir, por iso, na promoción de Vigo como destino fora da tempada alta co obxectivo de combater a estacionalidade, e facer un destino atractivo todo o ano, é de grande relevancia para o sector.

Concretamente o turismo MICE é un potente motor de desenvolvemento dos destinos turísticos e importante xerador de ingresos, emprego e de inversión.

O turismo de reunións, convencionalmente coñecido polas siglas inglesas MICE (Meetings, Incentives, Conferences & Exhibitions), manifestou un crecemento prolongado ao longo dos últimos anos, producindo evidentes impactos positivos nos destinos turísticos que conseguiron posicionarse neste segmento.

A esta tipoloxía de turismo fóronlle atribuídas numerosas características positivas e beneficios para os destinos, non só dende unha perspectiva económica, senón tamén dende unha perspectiva que engloba a todos os ámbitos de maneira transversal: social, cultural, ambiental, innovación, tecnolóxico, etcétera. Entre outros beneficios destacan a súa capacidade para desestacionalizar a afluencia turística, o maior gasto medio dos participantes en comparación con outras tipoloxías de turismo, o papel do turista de negocios como prescriptor do destino, a contribución á promoción dos destinos turísticos, así como o seu efecto dinamizador da economía, potenciando a aparición e especialización de empresas nesta industria.

O obxectivo principal desta subvención consiste en reposicionar a cidade turisticamente onde prime a desestacionalización da afluencia turística para conseguir un turismo constante ao longo do ano.

Os obxectivos xerais desta subvención responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:



## Concello de Vigo

- Contribuír á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento de eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, a través do apoio, difusión e axudas a persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas. Os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2023 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 “subvencións eventos e actividades, patrocinios”, un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos da cidade de Vigo, que favorezan á promoción do turismo, sendo de vital importancia o afianzamento do turismo de congresos, xa que este sector turístico favorece a desestacionalización turística, xerando un turismo estable ao longo de todo o ano.

A consolidación dos eventos e congresos transmiten o fortalecemento da marca Vigo e xeran un atractivo turístico estable neste sector, polo que consideramos necesario que, o evento teña unha antigüidade mínima de dous anos.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a organización de eventos e congresos con fines de interese turístico no ámbito local, no ano 2023 e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 90.000,00€ (noventa mil euros) con cargo á partida orzamentaria 4320.47000000 "Subvencións eventos e actividades. Patrocinios"

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERES TURISTICO, NO ANO 2023.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

En relación cos eventos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento turístico local, a través do apoio, difusión e axudas ás persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas da cidade de Vigo que desenvolvan eventos e congresos con interese turístico, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2023 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 "Subvencións Eventos e Actividade, Patrocinios", un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos con fines de interese turístico da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2023.

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no período entre o 1 de xaneiro e ata o 1 de novembro de 2023, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida presupostaria 4320.4700000 “subvencións, eventos e actividade, patrocinios” da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos no ámbito local con fines de interese turístico. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non serán obxecto de subvención, nin tidas en conta á hora de cuantificar os custes derivados da organización da actividade, aqueles eventos e congresos que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente, mediante calquera outro concepto presupostario de este Concello de Vigo.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### **QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Os eventos e congresos de interese turístico deberán ter unha antigüidade mínima de dúas edicións.

3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4. Os solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das:

a) Obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas ou sancións de natureza tributaria municipal.





## Concello de Vigo

b) Obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A estes efectos a solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instrutor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de o 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

Non obstante, as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar o evento ou congreso subvencionado consonte co proxecto presentado, deixando constancia do financiamento municipal coa inclusión da imaxe corporativa oficial a través links, banners, distintas insercións publicitarias, etc...
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Empregar a lingua galega, castelán ou aquela lingua que corresponda ao país de promoción da realización das actividades subvencionadas.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN. (55 puntos)**

#### **1.-VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.**

As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

### **1.1- Capacidade de comercialización do proxecto turístico.**

Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 10 puntos.  
Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.

### **1.2.- Accións de promoción.**

Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- **Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...).** Valorarase ata máximo 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 10 puntos.
  - Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.
- **Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...).** Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
  - Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
  - Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
  - Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.
- **Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).** Valorarase con ata 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 10 puntos.
  - Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

### **1.3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.**

Valorarase con ata 10 puntos.

- Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
- Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
- Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
- Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

### **1.4.- Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico.**

Valorarase con ata 10 puntos.

- Entre 2 e 10 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos.
- Entre 11 e 15 anos, valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

Cando supere os 15 anos valorarase con 10 puntos.

O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 2 anos.



**Concello de Vigo**

## **2.- DETERMINACIÓN DAS CONTÍAS DA SUBVENCIÓN DOS EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO.**

Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos ou congresos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Ente 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

1.- A subvención máxima por evento non poderá superar os 25.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

2.- Una vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas se ordenarán de maior a menor respecto á puntuación obtida, outorgándose a subvención en riguroso orden de prelación, hasta esgotar o crédito existente.

3.- A valoración final do proxecto de promoción turística deberá alcanzar un mínimo de 25 puntos ou quedará excluído do procedemento de concesión das subvencións.

## **OITAVO.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e publicada no Boletín Oficial da Provincia.

Cumprido o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Valoración formulará a correspondente proposta de concesión de subvención, de conformidade cos criterios que rexen a convocatoria e a documentación presentada.

Unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor respecto á puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

A proposta elevarase á Xunta de Goberno, quen resolverá a concesión de subvencións. Contra a resolución, que poñerá fin á vía administrativa, poderase interpoñer o oportuno recurso contencioso administrativo e calquera outro que conveña aos dereitos e intereses do interesado.

## **NOVENO.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude por evento.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

## **DECIMO.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar ademais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Declaración responsable.
- Anexo I.3. Orzamento de ingresos e gastos segundo os aspectos recollidos na cláusula segunda destas bases.
- Anexo I.4. Modelo Certificación Secretario da entidade
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificación bancaria.
- Informe xustificativo da necesidade e oportunidade da actuación tendo en conta os criterios turísticos, así como a súa adecuación ao obxecto da convocatoria, incluíndo unha memoria descriptiva das actuacións a realizar que deberá incluír una descrición detallada da actuación a realizar, así como información suficiente que permita valorar os criterios relacionados co interese turístico, concretando os aspectos que se recollen na cláusula sétima destas bases, e o grado de desenvolvemento do proxecto.
- Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social .

3.- A solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instructor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade



## Concello de Vigo

Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

### **DÉCIMO PRIMEIRO.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunirá os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **DECIMO SEGUNDO.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na Web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades de promoción turística promovidas e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar ó “Concello de Vigo”.

### **DÉCIMO TERCERO.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Turismo será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Turismo e a Técnica do Servizo de Turismo.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Turismo, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO CUARTO.- SUBCONTRATACIÓN.**

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

As entidades beneficiarias, como entidade executoras das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

### **DÉCIMO QUINTO.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación*

da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.

2.- Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable.
- Anexo II.3. Balance de gastos segundo os aspectos recollidos na cláusula segunda destas bases.
- Memoria detallada das accións de promoción turística concretando os aspectos que se recollen na cláusula sétima destas bases, xustificando con material gráfico a realización das accións.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con facturas polo resto do Orzamento. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
  - Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

#### **DÉCIMO SEXTO.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Turismo. A técnica do servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

#### **DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO.**





## Concello de Vigo

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

### **DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS.**

#### ◦ **Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **VIXÉSIMA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.**

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

1.- Os datos dos solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

#### **VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



**Concello de Vigo**

**ANEXO I.1**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

(É requisito **imprescindible** o cumprimento de todos os campos)

**DATOS DA ENTIDADE**

Solicitante:																
Enderezo ou razón social:												Código postal:				
CIF:						Número de Rexistro Municipal de Asociación:										
Teléfonos (móbil de contacto e fixo da entidade):																
Correo electrónico:																
Número de Conta:																
IBAN				Entidade				Sucursal				DC		Número de conta		

**Datos da persoa representante legal**

Nome e apelidos:																
Enderezo:												Código postal:				
Teléfono contacto:						Correo electrónico:										
Cargo que ocupa:																

**Subvención que se solicita**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO OU ACTIVIDADE:																
IMPORTE SOLICITADO:																
EXERCICIO ECONÓMICO																

**EXPOÑO**

Que no meu nome e na representación da entidade que represento, comprométome a cumprir coas obrigas esixidas pola normativa de aplicación en materia de subvencións

**SOLICITO**

O outorgamento dunha subvención para levar a cabo a dita actividade

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

Estatutos de constitución da entidade

( só no caso de producirse algunha modificación non inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións)NO ES NECESARIO

Memoria de actividade e orzamento

Certificado da conta bancaria

(só no caso de modificación do número de conta respecto ao exercicio económico anterior)

Seguro de

responsabilidade civil e recibo de pagamento actualizado NO ES NECESARIO PARA LA OBTENCION DE LA SUBVENCION

**PERSOAS OBRIGADAS A RELACIONARSE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS COA ADMINISTRACIÓN**

De conformidade co disposto no art. 14.2. da Lei/39/2015, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

O/ a solicitante autoriza ao Concello de Vigo a recabar os datos tributarios necesarios ante a AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo.

Autorizo o acceso

Non autoriza- COMPLETRA RECUADRO

En caso de non autorizar o acceso deberá achegar certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia e dos pagos coa Seguridade Social e do Concello de Vigo



## Concello de Vigo

### COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás Administracións Públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na casilla correspondente e achegar unha copia dos documentos.

Certificado da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións da entidade .

Opóñome á consulta

MOTIVO:

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE VIGO con CIF P3605700H e domicilio social na Praza do Rei s/n, 36202 Vigo, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Vigo. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE VIGO informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio dos poderes públicos.

Con esta cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados no caso de ser necesario a administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento destes, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou mediante escrito na sede electrónica (...>)

Vigo, de                      do

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

Á SRA. CONCELLEIRA DE TURISMO

**ANEXO I.2**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dña  
con

DNI , en representación de   
en virtude de acordo de nomeamento de data

**DECLARO**

- Que a entidade a cal represento cumpre os requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria. Achego xunto con esta solicitude a documentación acreditativa prevista na lei.
- Que a entidade á cal represento non está incurso en ningunha das circunstancias que imposibilitan obter a condición de beneficiario das subvenciones segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. E que esta entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro ao abeiro do art.31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos termos do art. 21 do Regulamento xeral de subvencións.
- A entidade a cal represento se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, consonte o disposto no artigo 25 do Regulamento xeral de subvencións , aprobado por R.D. 887/2006, do 21 de xullo.
- A entidade solicitou as seguintes axudas para a mesma actividade obxecto desta solicitude:

DESCRIPCIÓN DAS AXUDAS			
SOLICITADAS	CONCEDIDAS	ENTIDADE	IMPORTE

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante o Concello de Vigo da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, de do  
Sinatura do/da solicitante e selo da entidade



## Concello de Vigo

### ANEXO I.3.- ORZAMENTO DE GASTOS NO ANO 2023

Don/Dna		DNI	
Secretario/a da entidade		CIF.	

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto no ano 2023 son os seguintes:

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos	€
Ingresos patrocinadores	€
Concellería de Turismo	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
...	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos da campaña de promoción turística	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 20

Sinatura dixital do/a secretario/a

Sinatura dixital do/da presidente/a

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a eventos e congresos de interese turístico no ano 2023

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**ANEXO I.4**

**MODELO DE CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE OU PERSOA QUE TEÑA ATRIBUÍDA ÁS FUNCIÓNS DE CERTIFICACIÓN DE FEITOS E ACORDOS**

\_\_\_\_\_ D/Dna  
con

DNI \_\_\_\_\_, secretario/a da entidade

\_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_

en relación coa solicitude dunha subvención ao Concello para o 2023 para o evento ou congreso de interese turístico

\_\_\_\_\_

CERTIFICO:

Que segundo acta/estatutos/escritura.....que tivo lugar o día

\_\_\_\_\_ nomeouse presidente/a ou representante legal a

\_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este certificación co conforme do/da presidente/a

Vigo, de do

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

Conforme  
O/A presidente/a





## Concello de Vigo

### ANEXOII.1-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

Entidade		CIF	
Enderezo		Localidade	C.P.
Tef.		E-Mail	

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€	
Importe xustificado	Base Imponíble	€ IVE	€

#### Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Concepto do gasto	*Base imponíble	* IVE

Suma e segue...

- Tal como se reflexa no Art. 16.2.c.2º da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a Base Imponíble do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se certifique no anexo II.2 que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

**ANEXO I.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-**

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	concepto do gasto	*Base imponible	*IVE
Suma anterior...				.....	.....
<b>TOTAL</b>			<b>Base Imponible</b>	<b>€ IVE</b>	<b>€</b>

D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ secretario/a da entidade CIF: \_\_\_\_\_  
 certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de \_\_\_\_\_ € de base imponible, e \_\_\_\_\_ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

Vigo, de de 20\_\_

Sinatura dixital do/da Presidente/a	Sinatura dixital do/da secretario/a
-------------------------------------	-------------------------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.  
 A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.  
 A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a eventos ou congresos con interese turístico ano 2023.  
 O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.  
 Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.  
 As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ( www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).



# Concello de Vigo

## ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

### DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que o evento ou congreso de interese turístico subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de .....€ **(CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)**
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Turismo do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. De non ser así, marcar:
- Que esta entidade ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20\_\_

Sinatura dixital do/da secretario/a	Sinatura dixital do/da Presidente/a
-------------------------------------	-------------------------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades que desenvolvan eventos ou congresos de interese turístico ano 2023.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**ANEXO II.3.-BALANCE DE GASTOS**

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos	€
Ingresos patrocinadores	€
Concellería de Turismo	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
...	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos da campaña de promoción turística	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 20

Sinatura dixital do/da secretario/a:	Sinatura dixital do/da Presidente/a:
--------------------------------------	--------------------------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas de interese turístico ano 2023.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).



## Concello de Vigo

### **ANEXO III.1.**

#### **Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a organización de eventos ou congresos con fines de interese turístico no ano 2023.**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

En relación cos eventos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento turístico local, a través do apoio, difusión e axudas ás persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas da cidade de Vigo que desenvolvan eventos e congresos con interese turístico, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2023 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 "Subvencións Eventos e Actividade, Patrocinios", un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos con fines de interese turístico da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2023.

#### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida presupostaria 4320.4700000 "subvencións, eventos e actividade, patrocinios" da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos no ámbito local con fines de interese turístico. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e

contribúan a promoción turística da cidade, e cumplan os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

#### **CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva

#### **QUINTA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia,

#### **SEXTA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

#### **SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Turismo será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Turismo e a Técnica do Servizo de Turismo.

#### **OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

#### **NOVENA.- PAGAMENTO.**

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

#### **ANEXO III.2.**

#### **Extracto da convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a organización de eventos ou congresos con fines de interese turístico no ano 2023.**

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2023.



## **Concello de Vigo**

### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida presupostaria 4320.4700000 “subvencións, eventos e actividade, patrocinios” da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos no ámbito local con fines de interese turístico. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

### **TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

### **CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva

### **QUINTA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

### **SEXTA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na Web do Concello de Vigo.

### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

**40(744).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA O FINANZAMENTO DO “FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO -VILA DE BOUZAS 2023”. EXPTE. 9754/335.**

Visto o informe xurídico do 26/07/2023 e o informe de fiscalización do 08/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 26/07/2023, asinado pola técnica do Servizo de Turismo, a concelleira delegada de Turismo, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal de 12 de xuño de 2023, a “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” presenta escrito de solicitude de subvención para as Festas do Cristo de Bouzas 2023 “FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO – VILA DE BOUZAS 2023” que tivo lugar o día 16 de xullo de 2023; por este motivo, o día 16 de xuño, o concelleiro – delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 45.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890011 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” vén ocupándose da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas – Cidade de Vigo, a segunda quincena do mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos” e cuxo programa comprende tanto actividades lúdicas como relixiosas. Dentro de dito programa, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando no terceiro domingo do mes de xullo o chamado “Festival poético – piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.

O dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan co que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ó seu mantemento e financiamento.

O Concello de Vigo e a “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” veñen asinando dende o ano 1996 convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de carácter popular, co obxecto de potenciar as tradicións e os costumes da nosa cidade.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.





## Concello de Vigo

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

Este ano 2023 as Festas do Cristo comenzaron o mércores 14 de xullo e remataron o luns 17. O Festival Poético Piro – Musical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” tivo lugar o domingo 16 de xullo despois da procesión do Cristo dos Aflixidos.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de **126.684,00 €**.

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” para a organización do Festival Poético Piro – Musical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” (G36690170) deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e o 80.2. n) (turismo) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

O “Festival poético-piromusical” desenvólvese nun ámbito espacial que prevé as seguintes zonas:

1. Zona de lanzamento
2. Zonas de seguridade
3. Zona de concentración de espectadores

A subvención nominativa prevé un gasto de **45.000,00 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria **3380.489.0011** do vixente programa orzamentario das Festas polos gastos que se xeneraron como consecuencia da **programación do Evento**.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN



## Concello de Vigo

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 45.000 € (corenta e cinco mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0011, autorizar e dispoñer o devandito gasto á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G36690170), para o cofinanciamento do Festival Poético Piro – Musical da Cidade de Vigo – Vila de Bouzas, organizado por esta entidade*

*SEGUNDO.- A subvención rexerese en base aos seguintes PACTOS:*

#### **1º.- OBRIGAS DA ENTIDADE**

*A “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170) comprometeuse a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento do Festival Poético Piro – Musical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas que tivo lugar na Baía de Bouzas o día 16 de xullo, en particular a:*

*Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

#### **2º.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

*Conceder á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170), unha subvención por importe de 45.000,00 (corenta e cinco mil cen euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización do Festival Poético Piro – Musical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente subvención.*

**3º.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.

**4º.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo desta subvención efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES36 2080 5016 0730 4002 0541 da entidade ABANCA e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

**5º.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**6º.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**7º.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**8º.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170), está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>



## Concello de Vigo

*A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*

*No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.*

**9º.-** *A beneficiaria unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana do mes de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:*

*a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:*

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro*

*polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

*De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

**10º.-** *No caso de que a Cofraría se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

**11º.-** *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico da subvención.*

**12º.-** *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que podan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

**13º.-** *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e Xuventude e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**14º.-** *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da*



## Concello de Vigo

*subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

**15º.-** *O mecanismo de seguimento da execución desta subvención establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Turismo nas propias actividades programadas.*

**16º.-** *A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.*

**17º.-** *A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude queda facultada para resolver as posibeis controversias derivadas da execución e interpretación desta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

**18º.-** *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaría da subvención a que se refire e procedemento para a súa apreciación e imposición estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

**19º.-** *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Política Social e Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.*

**20º.-** *En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas,*

*segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.*

**21º.-** *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **41(745).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez